



Educación viaria

6-8 anos

"O corazón está do teu lado"
libro do profesor



XUNTA
DE GALICIA





Proxecto didáctico:

Equipo aXente Corrente.

Autor:

Tino Fuentes.

Documento revisado polo Centro Superior de Educación Vial de Salamanca da DGT.

Documento revisado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Revisións ortográficas:

Laura Formoso.


Deseño de campaña, ilustracións, packaging, maquetación e interiores:

Ferdecastro.

Dirección editorial:

Francisco Alvite.

Queda prohibida, salvo excepción prevista na Lei, calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación desta obra sen contar coa autorización dos titulares da súa propiedade intelectual. A infracción dos dereitos de difusión da obra pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual. (art. 270 yss. do Código Penal). O Centro Español de Dereitos Reprográficos vea polo respecto de citados dereitos.




"O corazón está do teu lado"
libro do profesor

Autor: Tino Fuentes



Índice


O PROXECTO.	4
CONTEXTUALIZACIÓN.	6
OBXECTIVOS.	7
Obxectivos xerais.	
Obxectivos específicos.	
ESTRUTURA.	8
TÁBOA DE CONTIDOS.	9
METODOLOXÍA.	23
TEMPORALIZACIÓN.	24
OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS, A INTERDISCIPLINARIEDADE E A EDUCACIÓN EN VALORES.	25
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	26
INTEGRACIÓN DA PROPOSTA NO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.	27
COMPETENCIAS CLAVE.	28
MODELOS DE RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN.	29
ESTRUTURA DO LIBRO DO ALUMNO.	32
DESENVOLVEMENTO DIDÁCTICO DO CADERNO DO ALUMNO.	34
BLOQUE I: COMO CAMIÑO AO LONGO DUNHA ESTRADA NUNHA ZONA RURAL.	
Unidade 1 Comezo o camiño.	35
Unidade 2 Móvome pola escola.	37
Unidade 3 Dona Prudencia.	39
Unidade 4 Guíome polo corazón.	41
Unidade 5 Debaixo da tona está o corazón.	43




Unidade 6 Poño atención. 

 Proxecto de Bloque: Vou de marcha! 


BLOQUE II: COMO CRUZAR UNHA ESTRADA.


Unidade 7 Coidado co crocodilo. 

Unidade 8 Polo lado do corazón. 


Unidade 9. Camiño sen riscos. 


Unidade 10 Coñezo o camiño. 

Unidade 11 Atento á encrucillada. 


 Proxecto de Bloque: Facendo camiños. 

BLOQUE III: CAMIÑO CON PRUDENCIA E ATENCIÓN.



Unidade 12 O Vagalume. 




Unidade 13 Non hai atallo sen traballo. 

Unidade 14 Polo San Martiño, peóns ao camiño. 

Unidade 15 Vou pola man. 

Unidade 16 A punto e limpo. 

 Proxecto de Bloque: Protexo a paisaxe facendo reciclaxe. 

 PROXECTO FINAL: Camiño con ritmo.  

GLOSARIO. 

ENCRUCILLADOS. 

O proxecto

No desenvolvemento das actividades, tarefas e na resolución de problemas relacionados co contexto de educación viaria, e en particular dos desprazamentos dos peóns nun ámbito non urbano, procuramos deseñar un modelo de traballo por proxectos, co obxectivo de que os nenos/as acaden as competencias básicas, é dicir, a posesión de coñecementos, habilidades, valores, destrezas e actitudes necesarios para desenvolverse nese contexto e poder utilizalos actuando con eficacia.

Cunha metodoloxía de aprendizaxe centrada no alumnado que lle interese porque se parte das súas necesidades, os materiais propostos, tanto o Libro do Profesor coma o Caderno do Alumno, achegan información sobre a forma correcta do uso das sendas peonís e o desprazamento no medio rural e outros aspectos da seguridade viaria e ao mesmo tempo, formulan a resolución de conflitos ou problemas do seu contorno e no que o alumnado se enfrente a problemas verdadeiros e a temas reais e cotiáns, que o mobilicen e que lle propoñan retos que lle importen.

Buscamos unha aprendizaxe por Proxectos, que se aprenda facendo. Na que o traballo da aula se convirta nunha acción colectiva planificada e organizada conxuntamente polo grupo, inducindo a que todas as rapazas e todos os rapaces poidan implicarse activamente nas tarefas en función dos seus intereses e da diversidade; recoñecendo a importancia do grupo e a propia valía; axudando a que as nenas e os nenos descubran certas prácticas sociais relacionadas coa cooperación (saber escoitar, aprender a negociar compromisos, tomar decisións...), e solicitar axuda ou escribir plans; buscamos que se manexe con éxito a información (seleccionando fontes, recollendo información, ordenándoa, catalogándoa, estruturándoa, interpretándoa, axuizándoa e comunicándoa) e se estimule a práctica reflexiva e crítica.

O enfoque deste proxecto concede protagonismo ao alumnado que aprende facendo. Cunha avaliación participativa, na que o alumnado tamén se

autoavalía no proceso. Trátase de comprender, valorar, axuizar a realidade e intervir sobre ela para melloralala seguindo un enfoque integrador.

A planificación de cada bloque de contidos fíxose en conxunto e desenvolve a autonomía e a capacidade de que o alumnado poida aprender e practicar unha ampla gama de habilidades que lles permita resolver problemas e situacións e provocar novas aprendizaxes. Dende un traballo compartido que permite, tamén ao profesorado, desenvolver competencias profesionais.

O importante deste proxecto interdisciplinario é que pode tratarse dende distintas áreas ou materias, que achegarán aspectos novos que, illadamente, seguramente non serían considerados nin traballados.

O noso proxecto educativo preséntase mediante dúas ferramentas complementarias: o Libro do Profesor que, a modo de guía, está pensado para axudar ao profesor na súa tarefa de ensinar, pero á vez na de orientar e asesorar os alumnos. Seguindo o enfoque metodolóxico do Libro, o docente axuda ao alumno a: definir os seus obxectivos, definir os contidos que ten que adquirir, seleccionar os métodos e técnicas de aprendizaxe útiles para a súa formación, controlar a evolución do proceso de aprendizaxe e avaliar a adquisición dos obxectivos propostos. A través dunha dinámica interactiva e motivadora tanto para o educador coma para o educado, o profesor non só pode axudar o alumno a alcanzar todos os obxectivos marcados, senón que tamén pode indicarlle como aprender a través dun intercambio afectivo no que a relación mestre-alumno sexa o máis dinámica e produtiva posible e que nesta interacción as accións do profesor repercutan, finalmente, na forma de ser e a adquisición de valores e comportamentos seguros para o alumno; e do Libro do Alumno, dende o noso enfoque pedagóxico, que considera que o alumno ten capacidade de aprender por si só, que pode ser responsable dos seus actos, que ademais do

profesor e mediante outros medios (interactuando cos obxectos e as persoas), o alumno ten que aprender a aprender para poder ser autónomo. O Caderno do alumno, pensado como unha ferramenta que ten en conta o momento da aprendizaxe, controla os tempos e o proceso da mesma, ofrece información (teórica ou práctica) para que o alumno teña datos suficientes para afrontar de modo reflexivo os contidos que pretendemos que fagan seus. Non se trata de que fagan moita ou pouca práctica senón de que o que fagan sirva para aprender. Por isto, e buscando unha maior eficacia da práctica académica, propóñense unha serie de actividades individuais e de grupo ademais de presentar algúns proxectos fóra da aula e de participación extra académica.

As actividades están pensadas como recursos ao alcance dos nenos/as para que poidan resolver as dúbidas e interrogantes que lles xurdan, e vaian adquirindo seguridade e mobilidade, presentando destrezas de cara a actuar e desenvolverse en grupo atopando fórmulas de cooperación coas demais persoas implicadas no proxecto. Os alumnos deben asumir as responsabilidades e roles que lles correspondan no grupo e nas diferentes actividades e tarefas. Establecer relacións entre feitos do seu contorno, entre aprendizaxes formais e non formais, entre o aprendido en distintas áreas ou materias dos currículos. Intercambiar, producir, debater e contrastar mensaxes. Desenvolver a creatividade e a imaxinación. Identificar e resolver problemas partindo da súa experiencia e posibilidades. Tomar decisións e compartilas. Coordinar a propia actuación coa do resto do grupo. Ser consciente da propia aprendizaxe.

A aprendizaxe non pode concibirse, exclusivamente, en termos de coñecemento; o alumnado ten que aprender tamén a relacionarse, a respectar, a ser responsable, a compartir e a convivir.

En definitiva, procuramos unha forma de aprendizaxe que poña máis o acento en como se aprende ca en que se aprende.

Unha vez decidido o tema sobre o que se vai traballar, que forma parte da fase de preparación, iníciase a fase de desenvolvemento do proxecto cando poñemos en común o que sabemos sobre a temática que se vai traballar. Para acometer a aprendizaxe precisamos buscar información e saber que facer con ela. A partir de aí deseñamos unhas tarefas para elaborar, resolver o problema, contestar a pregunta... (segundo cal fose o punto de partida do proxecto) para, por último, reflexionar sobre o proceso seguido ata chegar aquí, como foi a participación do grupo e que camiños alternativos posibles habería mediante a avaliación do proxecto, do que aprendimos, e valorar a aprendizaxe realizada e facer propostas de mellora. Significa un contraste entre o inicio e o punto de chegada.



Contextualización



Sempre tomando como referencia o marco xeográfico, e as características específicas do seu contorno habitual, este proxecto está pensado para os nenos e nenas que camiñan no ámbito non urbano desde unha preocupación pola súa seguridade viaria. Desde unha tarefa coeducativa, coa coordinación dos distintos niveis competenciais (Administración Autonómica e Local), así como entre os múltiples axentes económicos e sociais que desenvolven un importante labor en prol da redución da accidentalidade do tráfico, quérese impulsar, facilitar e coordinar as iniciativas de seguridade viaria, a concienciación e comunicación, e o cumprimento da norma e a infraestrutura. A nosa proposta, tal e como recolle a lexislación vixente en relación a fomentar a seguridade viaria no ensino obrigatorio, proporciona elementos curriculares e promove accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado nun ámbito non urbano coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón, respecte as normas e os sinais, e favoreza a convivencia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.



Obxectivos

Obxectivos xerais.

Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
Impulsar a seguridade viaria no curriculum escolar.
Promoción de estilos de vida saudables.
Atención especial ás interseccións entre a rede de Camiños Históricos e as estradas.

Obxectivos específicos.

Proxecto: Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural polo lado correcto.

a	Identificar as sendas e os sinais peonís.
b	Promover a visibilidade dos peóns nos seus desprazamentos en estrada.
c	Con senda peonil hai que andar polas zonas habilitadas para peóns.
d	Sen senda peonil hai que andar pola marxe esquerda da vía.
e	Para desprazarme andando pola estrada, sempre hai que levar un elemento reflector.

Proxecto: Como cruzar unha estrada en zona rural sen semáforos, sen pasos de peóns ou outros elementos de sinalización.

f	O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable.
g	Antes de cruzar sempre hai que mirar varias veces á esquerda e á dereita.
h	Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar.
i	Cruzar a estrada sen entreterse e na distancia máis curta posible.
x	Ao cruzar, o obxectivo é chegar ao outro lado sen despistarse con outra cousa.

Proxecto: Respectar a estrada e o espazo interurbano.

l	Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil.
m	Protexer os usuarios máis vulnerables.
n	Proporcionar espazos seguros de mobilidade para peóns.
o	Amosar a importancia de pensar na propia seguridade advertindo sobre a falsa sensación que poden dar algúns elementos de sinalización.

Estrutura

BLOQUE I "Como camiño ao longo dunha estrada nunha zona rural".

Unidade 1 Comezo o camiño.

Unidade 2 Móvome pola escola.

Unidade 3 Dona Prudencia.

Unidade 4 Guíome polo corazón.

Unidade 5 Debaixo da tona está o corazón.

Unidade 6 Poño atención.

Proxecto de Bloque: "Vou de marcha!".

BLOQUE II "Como cruzar unha estrada".

Unidade 7 Coidado co crocodilo.

Unidade 8 Polo lado do corazón.

Unidade 9 Camiño sen riscos.

Unidade 10 Coñezo o camiño.

Unidade 11 Atento á encrucillada.

Proxecto de Bloque: "Facendo camiños".

BLOQUE III "Camiño con prudencia e atención".

Unidade 12 O Vagalume.

Unidade 13 Non hai atallo sen traballo.

Unidade 14 Polo San Martiño, peóns ao camiño.

Unidade 15 Vou pola man.

Unidade 16 A punto e limpo.

Proxecto de Bloque: "Protexo a paisaxe facendo reciclaxe".

PROXECTO FINAL: "Camiño con ritmo".

COMPETENCIAS CLAVE

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

EDUCACIÓN EN VALORES

A liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como a superación calquera tipo de discriminación. A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social e, en especial, no do acoso escolar.

O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

Táboa de contidos

OBXECTIVO XERAL: Todas as actividades propostas están encamiñadas a acadar un dos obxectivos da educación primaria: Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico dos nenos e nenas como peóns e usuarios das vías no medio rural.

BLOQUE I : Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Unidade 1: "Comezo o camiño"

Obxectivos Específicos	f, g
Que sabemos?	
Obxectivos Unidade	Traballar a orientación e a memoria espacial. Asegurar que o esquema corporal se encontra ben asentado. Distinguir entre a dereita e a esquerda.
Que queremos saber?	
Contidos Que aprendemos?	Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.
Metodoloxía	No ámbito do grupo clase ou en grupos pequenos, probas de aplicación individual, o primeiro grupo consta de actividades ou cuestionarios de preferencia manual, nas que aos estudantes se lles indican unha serie de tarefas e eles deben realizalas coa man que prefiran ou ben realizar o xesto. Actividades de eficiencia manual cando se refiren a esta extremidade, descubren cal é a man (o pé, ou o ollo) que maior habilidade demostra nas tarefas propostas.
Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?	
Competencias Clave Que categorías?	CAA, CSC, CCEE, CSIEE
Criterios de avaliación Que facemos coa información?	Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.
Estándares de aprendizaxe Como mellorar?	Coñecer e identificar as partes do corpo propias. Reaccionar corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.



Unidade 2: "Móvome pola escola"

Obxectivos Específicos Que sabemos?	a, d, h
Obxectivos Unidade Que queremos saber?	Respectar a estrada. Amosar comportamentos cívicos na rúa e no ámbito escolar. Facer que os nenos comprendan a necesidade de respectar os usos e espazos comúns. Que os nenos/as sexan conscientes de que xunto con eles/as hai outros elementos que interveñen na circulación.
Contidos Que aprendemos?	Mostrar as dificultades e problemas de circulación na escola, simulando características de circulación e convivencia como as da vía pública.
Metodoloxía Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?	Expoñer as normas de convivencia e situacións cotiás na escola e comparalas cun comportamento responsable e seguro nas vías. Debate exposición de ideas. Diseñar e practicar simulacións de comportamentos na vía.
Competencias Clave Que categorías?	CAA, CSC, CSIEE
Cráterios de avaliación Que facemos coa información?	Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares. Valorar as normas de seguridade viaria.
Estándares de aprendizaxe Como mellorar?	Coñecer e enumerar as normas de convivencia da aula. Pór en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares. Colaborar en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. Recoñecer e interpretar o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.

Unidade 3: "Dona Prudencia"

Obxectivos Específicos Que sabemos?	a, c, d
Obxectivos Unidade Que queremos saber?	Nas vías interurbanas é preciso camiñar polas zonas habilitadas para peóns. A senda viaria é un camiño seguro.
Contidos Que aprendemos?	Explicar que é una senda peonil, e que por ela se camiña de forma segura. Traballar a orientación espacial e o sentido do oído. Capacidade de ver e prever obstáculos e as alertas de perigo. Traballo cooperativo. Confianza nun mesmo.

<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Xogar ao xogo da Pita cega. Debuxar no patio unha senda ou camiño que o neno/a debe percorrer cos ollos tapados guiado polos compañeiros, tentando non saírse fóra das marxes.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CSEC</p>
<p>Crterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas; en especial, as de Galicia.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Adoptar condutas seguras ao actuar como peón nas saídas polo contorno do colexio. Participar activamente nas actividades propostas. Reaccionar corporalmente ante sinxelos estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. Explicar oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.</p>

Unidade 4: "Gúíome polo corazón"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	<p>b, c, d</p>
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>Cando non hai senda peonil sempre debemos movernos polo lado esquerdo da vía e cruzar a estrada por sitios seguros, poñendo sempre atención aos obstáculos e perigos.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>O corpo humano e o seu funcionamento. Identificación dos aparellos relacionados con el (aparellos respiratorios, dixestivo, circulatorio e excretor). Se non hai senda peonil, lembrar a obrigatoriedade de camiñar polo lado esquerdo da estrada, e sempre atento á circulación.</p>
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Mediante un esquema ou gráfico, amosar aos nenos/as que a circulación do sangue do corpo é algo natural e comparala coa circulación nas vías.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CMT, CCL</p>
<p>Crterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Coñecer os principais órganos vitais e entender a súa importancia no funcionamento do organismo. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. Que os nenos/as entendan a circulación do sangue como algo natural e que eles/as acaden un modo de circular polas vías de forma corecta e natural.</p>

Unidade 5: "Debaixo da tona está o corazón"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	a, c, f
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	A mobilidade corporal e camiñar a escola están relacionados co benestar da persoa e a saúde.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada e o exercicio físico regulado.
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	No percorrido que fan a andar de camiño á escola, poden ir recollendo froitas de temporada (noces, castañas, mazás...) ademais da froita ou comida que poidan levar da casa. Facer debuxos, ou esquemas das partes da froita, etc. A pirámide alimentaria.
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	CMCCT, CSC, CAA, CSIEE
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	Relacionar a vida saudable cunha alimentación adecuada. Relacionar o exercicio físico e o tempo de lecer coa propia saúde. Adoptar hábitos alimentarios saudables. Iniciar a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.

Unidade 6: "Poño atención"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	g, h, o
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	Relacionar a vida saudable cunha alimentación adecuada. Relacionar o exercicio físico e o tempo de lecer coa propia saúde. Adoptar hábitos alimentarios saudables. Iniciar a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo. O ruído como sinal de atención.

<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Reprodución de sons recoñecibles ou non para os nenos/as, para que poidan identificar a súa orixe e relacionalos coa estrada. A proximidade ou afastamento do ruído.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CMCT, CAA, CSC, CSIEE</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún son no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Identificar e describir, con criterios elementais, ruídos e sons do seu contorno. Amosar condutas de respecto e coidado cara ao ruído. Identificar e adoptar medidas de cara á súa seguridade.</p>

PROXECTO DE BLOQUE: "Vou de marcha"

<p>Obxectivos</p>	<p>Trazar un itinerario ou ruta segura de camiño á escola. Coñecemento do espazo e o contorno xeográfico.</p>
<p>Contidos</p>	<p>Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información. Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.</p>
<p>Metodoloxía</p>	<p>Excursión ou saída en grupo onde os rapaces/as poidan visualizar e practicar algúns dos conceptos desenvolvidos nas tarefas traballadas en cada unidade. Elaborar unha ruta e logo percorrela.</p>
<p>Competencias Clave</p>	<p>CD, CMCCT, CAA, CCL</p>
<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Obter información puntual e describir unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares. Explicar oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.</p>

Rúbrica de Avaliación

Unidade 7: "Coidado co crocodilo"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	<p>g, h, x, l</p>
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>Antes de cruzar hai que mirar varias veces aos dous lados da estrada. Que os nenos/as entendan a necesidade de cruzar sempre en liña recta. Aceptación e respecto cara ás normas e regras.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>Debemos observar con moita atención o tráfico, antes de cruzar. Como e por onde debemos cruzar unha estrada: sempre en liña recta.</p>
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Realizar un xogo onde os nenos/as tenten cruzar dúas liñas paralelas sen seren collidos por un compañeiro que corre polo medio delas.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CAA, CSC, CSIEE, CCEC</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Coñecer e respectar a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. Ser consciente da perigosidade de cruzar unha estrada. Coñecer perfectamente como e por onde é máis seguro e doado cruzala. Explicar oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.</p>

Unidade 8: "Polo lado do corazón"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	<p>a, h</p>
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>Darse de conta do sentido da marcha da circulación dos vehículos e dos peóns. Identificar os lugares por onde circulan os vehículos e peóns.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>Observar o movemento dos paxaros cando voan en grupo e as súas migracións, a circulación dos ríos e outros elementos naturais sometidos a certa orde. O sentido da marcha e da circulación de vehículos e peóns polas vías.</p>

<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Amosar que na natureza existe unha orde establecida aplicable á vida diaria.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CSIEE</p>
<p>Crterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a súa realidade e o comportamento da natureza.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Establecer relacións simples entre o comportamento humano e o da natureza que impliquen dominio dos contidos traballados.</p>

Unidade 9: "Camión sen riscos"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	<p>a, i, l, n, o</p>
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>Sinalizar as vías de evacuación do centro escolar. Coñecemento xeneralizado (profesorado, estudantes e persoal non docente) do Plan de Emerxencia e Evacuación da escola e de como hai que actuar ante unha situación de perigo.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>Plan de Evacuación do Centro Escolar. Desenvolver o sentido da orientación, das normas e de comportamentos seguros e responsables.</p>
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Deseño das vías de evacuación. Ademais da sinalización obrigatoria pola lexislación vixente, os alumnos poden deseñar no chan dos corredores, vías e sinalización viaria que complementen as rutas de evacuación e axuden á súa identificación. A continuación, poden realizar simulacros periódicos para probar a súa eficacia.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CAA, CD, CSC</p>
<p>Crterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Facilitar unha aprendizaxe práctica cun simulacro de evacuación co fin de desaloxar o colexio mantendo a calma e a orde.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Recoñecer as situacións de risco. Prestar atención ás indicacións das responsables de seguridade. Amosar autonomía e iniciativa persoal. Explicar oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.</p>

Unidade 10: "Comezo o camiño"



<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	a, c, f, x
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	O propósito desta actividade é a formación da conduta do peón en canto usuario de redes vias e a súa orientación ante os problemas e dificultades como usuario destas. Descrición dos percorridos que toman os nenos/as e os criterios de elección destes en canto ás súas características como transeúnte.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	Valorar o grao de decisión e autonomía dos nenos/as e como este depende de cada familia. A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos?</p> <p>Que cousas poderíamos facer?</p>	Elaborar un cuestionario cos percorridos que os nenos/as realizan para ir á escola. Facer un plano. Discutir as motivacións ou directrices que estes seguen.
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	CSC, CSIEE, CCL
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	Valorar o grao de decisión e autonomía dos nenos/as. Nivel de madurez na toma de decisións. Propoñerse desafíos e desenvolves mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable.
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	Reflexionar, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións. Desenvolver actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.

Unidade 11: "Atento á encrucillada"



<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	f, g, h, i, x
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	Coñecer e identificar os nomes dalgunhas palabras relacionadas coa vía.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.

<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Completar frases con palabras ou conceptos de seguridade viaria explicados na clase. Facer encrucillados e sopas de letras.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CCL</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Utilizar o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</p>



PROXECTO DE BLOQUE: "Facendo camiños"

<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>Como se fan as estradas e as vías públicas.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>Como se fan, e con que criterios, as vías públicas e as estradas. Que elementos interveñen na súa construción (maquinaria, deseño de trazado, elementos de seguridade....)</p>
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Visita guiada en grupo ás obras de construción ou mantemento dunha infraestrutura viaria.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CAA, CSC, CSIEE, CMCT</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Facer un pequeno traballo coa información recibida.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Obter información puntual e describir os elementos que interveñen nunha obra.</p>

Rúbrica de Avaliación.

Unidade 12 "O Vagalume"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	b, f, h, i, l x
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	Amosar a necesidade de facerse sempre visible e, nos desprazamentos como peóns, levar sempre roupa ben visible ou portar un elemento reflector.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	A visibilidade ao camiñar por unha vía non urbana. O comportamento dos corpos (roupa ou obxectos reflectores) diante da luz.
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	Traballo na aula con luces leds e roupa reflectora. Os nenos/as poden vestir roupa clara ou escura para comprobar a diferenza na visibilidade a distancia.
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	CAA, CSC, CSIEE
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e a visibilidade.
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	Entender o comportamento de certos corpos diante da luz. Comprobar como o reflexo permite ver obxectos que non emiten luz. Comprender as propiedades das cores claras e escuras e a visibilidade nas persoas e vehículos.

Unidade 13: "Non hai atallo sen traballo"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	g, h, x, l o
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	Que entendan que, para cruzar unha estrada, a distancia máis curta entre dous puntos é a liña recta.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais.

<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Traballar con representacións xeométricas en Ed. Plástica ou Matemáticas.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CCE , CMCT</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Coñecer e usar as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) Realizar medicións co palmo, o paso e o pé.</p>

Unidade 14: " Polo san Martiño peóns ao camiño

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	<p>x, l, n, o</p>
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>A actividade física e a mobilidade como elementos saudables. Evitar camiñar dando voltas sen rumbo. O sentido da dirección.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia. A curva e a liña recta.</p>
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Organizar actividades relacionadas con xogos populares galegos e o Día do Peón. Observar o movemento circular dun trompo ao xirar e aplicalo para ver como xiran os coches nas rotondas ou como cruzar una praza.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CAA, CSIEE, CSC, CMCT</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desenvolvendo as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Iniciarse no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. Utilizar as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.</p>

Unidade 15: "Vou pola man"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	b, d, f, l, m
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	Lembrar aos pais/nais a necesidade de camiñar pola beirarrúa collendo da man sempre os rapaces. Pola estrada sempre pola esquerda e os nenos/as do lado máis afastado da vía.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	Como se debe camiñar con nenos/as polas beiravías, cando se leva a un neno/a da man. Cohesión. Desenvolvemento físico e psicomotriz.
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	Amosar unha imaxe aos nenos/as cunha conduta perigosa dun peón. Amosar imaxes de condutas acertadas e traballar con elas. Xogar a saltar unha corda por parellas xuntos da man. Perseguirse agarrados da man ou dun pé a outros comañeiros.
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	CAA, CSC, CD
<p>Cráterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debe recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debe recoñecer un peón para unha circulación óptima pola rúa.

Unidade 16: "A punto e limpo"

<p>Obxectivos Específicos</p> <p>Que sabemos?</p>	a, c, d, f, l, n
<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	Concienciar sobre o uso de materias reutilizables e reciclables. Levar o xantar en envases que se poidan reutilizar durante moitos días. Utilizar as papeleiras de clase mellor ca as que hai no patio. No patio, empregar un caldeiro ou papeleira de reciclar e tirar alí os restos. Ter coidado cos envases de cartón, e outros. Usar a papeleira máis próxima ou colector que haxa para este tipo de envases.
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	É tarefa de todos manter limpo o Colexio. De camiño a escola, usar as papeleiras e non tirar lixo ao chan.

<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Participar ou crear na aula unha campaña de concienciación sobre a limpeza ou reciclaxe de lixo. Realizar servizos de limpeza, por quendas, dos espazos comúns.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CSC, CSIEE, CAA</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Non tirar desperdicios nin calquera outro obxecto nos xardíns, campos de xogo, lavabos, clases, corredores, etc.</p> <p>Usar as papeleiras, particularmente as dos patios e campos de xogo.</p> <p>Manter limpo o camiño á escola e axudar á súa limpeza.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Recoñecer a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.</p>



PROXECTO DE BLOQUE: "Protexo a paisaxe facendo reciclaxe"


<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>Promoción de estilos de vida saudables e o coidado da natureza.</p> <p>Como aproveitamos as cousas que ofrece a natureza e as que fabrica o home.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>Valorar a hixiene, a saúde e a protección do medio.</p> <p>A contaminación e a degradación do medio.</p> <p>O uso e o consumo responsable dos bens.</p>
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Aproveitando a celebración dun día sinalado no calendario escolar, como o Día da Terra, facer unha saída para realizar tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. A través da organización dun obradoiro amosar a posibilidade da reciclaxe de materiais como o papel.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CSC, CCL, CCEC, CSIEE</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Reducir, reutilizar e reciclar obxectos na escola.</p> <p>Identificar e adoptar medidas de uso responsable da auga na escola.</p>

Rúbrica de Avaliación.

PROXECTO Final: "CAMIÑO CON RITMO"



<p>Obxectivos Unidade</p> <p>Que queremos saber?</p>	<p>Realización dun proxecto audiovisual, musical, ou un traballo a nivel individual, ou en grupo, relacionado coa seguridade viaria no que se desenvolvan os contidos Traballados no Bloque e que os alumnos poidan presentar a concurso tanto a nivel interno do centro coma aos propostos por entidades públicas e privadas en relación á seguridade viaria.</p>
<p>Contidos</p> <p>Que aprendemos?</p>	<p>Tratamento interdisciplinar da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación.</p>
<p>Metodoloxía</p> <p>Como nos organizamos? Que cousas poderíamos facer?</p>	<p>Composición musical. Dramatización ou teatro. Curtametraxe ou audiovisual. Banda deseñada, redacción.</p>
<p>Competencias Clave</p> <p>Que categorías?</p>	<p>CSC, CCL, CCEC, CSIEE</p>
<p>Criterios de avaliación</p> <p>Que facemos coa información?</p>	<p>Elaborar os traballos individualmente ou en grupo. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.</p>
<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>Como mellorar?</p>	<p>Amosar interese polo traballo individual e colaborar no grupo para a consecución dun fin colectivo. Manexar material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.</p>



Metodoloxía

Concibimos a Aprendizaxe Baseada en Proxectos como unha opción no ámbito educativo.

A formulación educativa desta iniciativa é a de traballar a maior parte de tarefas propostas para ao final de cada Bloque, resumir conceptos, reflexionar sobre os contidos aprendidos, concretar o obxectivo alcanzado e desenvolverlos nunha Actividade Final que contemple e reflecta a maioría das competencias e contidos traballados. Esta Actividade Final fórmase en cada bloque como culminación do proceso polo cal se desenvolverá o noso Proxecto.


A metodoloxía que utilizamos para transmitir os contidos deste material parte da formulación dun obxectivo inicial no que se debe ter presentes os coñecementos acerca do desenvolvemento psico-evolutivo no que se atopan os nosos alumnos e as súas correspondentes ideas previas sobre os temas propostos, para que estes poidan acadar un grao efectivo de coñecemento e dominio dos elementos expostos e un desenvolvemento autónomo, na medida do posible, das competencias relacionadas coa materia.

Distribuimos as actividades en tres grandes Bloques, cada un dos cales propón uns obxectivos para que, mediante a exposición duns contidos e a realización de tarefas, e logo dunha avaliación, axuden a adquirir por parte dos nenos/as uns coñecementos e destrezas. Cada bloque está distribuído nunha serie de actividades que presentamos de maneira tal que cada unha delas pode ser traballada de forma individual e illada ou en conxunto. Ao final de cada Bloque está unha Actividade Final que agruparía todas as tarefas e actividades que fosemos realizando.

Nas Actividades Finais veranse reflectidos e recompensados o esforzo realizado por alumnos, familias e mestres, onde todos os membros da comunidade educativa verán os froitos do seu traballo, pero especialmente os nenos.

Propoñemos unha serie de actividades para cada Bloque, cada unha das cales está deseñada para traballar de maneira independente e logo todas elas, en conxunto, na Actividade Final. Propóñenselle ao profesor de maneira conxunta, pero no noso deseño contemplamos a posibilidade de que cada unha delas poida ser elixida e consensuada polo alumnado. Sempre debe estar asesorada e, na medida do posible, "dirixida" polo docente. Ser participativa, na que todos os nenos terán un papel ou tarefa a desempeñar. Tentar involucrar, na medida do posible, ás familias. Ser divertida. Ser apropiada á idade, e capacidades do alumnado. E ser reflexo dos coñecementos adquiridos.

Por tanto, a Actividade Final é unha actividade na que o alumnado aplicará os coñecementos adquiridos ao longo dun conxunto de distintas tarefas realizadas, ou unha soa, pero sempre de forma participativa.



Temporalización

Este proxecto vai desenvolver ao longo do curso e levarase a cabo durante cada trimestre. En cada unha das unidades, ao mesmo tempo que se exporán contidos específicos de seguridade viaria, darase información sobre os comportamentos seguros: como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural, como cruzar unha estrada onde non existan elementos como semáforos, paso de peóns, etc., e demais hábitos encamiñados a que os alumnos/as entendan que o peón é o máis fráxil e debe tomar precaución e conciencia do respecto ao contorno e adquirir comportamentos responsables como usuario das vías; contidos, todos estes, relacionados na medida do posible coas áreas ou materias do curriculum académico. Ao final de cada un dos tres bloques de contidos realizarase unha actividade práctica global, o Proxecto Final, na que se traballará polo grupo a maioría das propostas formuladas de maneira práctica, procurando unha aprendizaxe significativa, multidisciplinar, activa e atractiva.


En cada unidade traballarase en sesións as tarefas deseñadas de tal maneira que:

Sesión 1: Explicación da proposta de traballo interdisciplinar e das tarefas e obxectivos a acadar.

Sesión 2: Introducción ás normas básicas e recomendacións en materia de seguridade viaria sobre a circulación de peóns nun contorno rural.

Sesión 3: Desenvolvemento do proxecto, saída ou traballo na aula, ou no contorno. Reforzo práctico das normas e recomendacións expostas na clase sobre a circulación e os sinais relacionados cos peóns.

Sesión 4: Avaliación da actividade. Medidas correctoras a introducir. Proposta de autoavaliación



Elementos transversais, interdisciplinariedade e educación en valores.

De cara á adquisición por parte dos alumnos de Competencias sociais e cívicas (CSC), as actuacións de carácter transversal recollidas nesta actividade combinan a investigación e xestión do coñecemento das áreas e materias propostas no currículo educativo, coa coordinación de diferentes Departamentos e mestres e a participación de toda a comunidade educativa e doutros axentes sociais, co obxectivo de acadar nos nenos e nenas unha serie de valores e normas. Xunto con algúns contidos seleccionados das diferentes áreas curriculares, no referido á educación viaria, propoñemos actividades de traballo colaborativo e interdisciplinar en actitudes, valores e normas. Traballaremos, mediante actividades creativas para o neno-grupo, os conceptos e actitudes non illadamente uns dos outros, senón que se formularán de xeito simultáneo procedementos e actitudes como contidos a traballar en cada unha das áreas sen excepción, xa que unha boa formación en actitudes, valores e normas servirá ao neno/a para calquera situación que se lle presente na vida.

Ciencias da natureza: Coñecemento, concienciación e respecto polo coidado do ámbito natural.

Ciencias Sociais: Desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás, coñecemento dos mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e interacción co contorno e o medio velando pola súa conservación.


Educación física e mobilidade saudable: Contribuír ao benestar e á sociabilización. Mellorar o benestar físico e psicolóxico dos nenos e nenas. O xogo como elemento educativo esencial na aprendizaxe.

Lingua e literatura: Mellorar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita.

Matemáticas: Utilízasas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá, para ir adquirindo progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e dos coñecementos previos.

Educación Artística: Curiosidade e interese polas formas visuais como expresións sociais (os sinais). Reflexión, análise, creatividade.

Valores sociais e cívicos: O emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas. Igualdade efectiva entre homes e mulleres e valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.



Atención á diversidade

Para a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, formularemos a posibilidade da participación de nenos e nenas con discapacidade, mediante a adaptación das actividades. O deseño de tarefas para todas as persoas está baseado na igualdade de oportunidades, de non discriminación por razón de discapacidade por presentar necesidades educativas especiais ou dificultades específicas de aprendizaxe.

Potenciar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Fomentar a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol e o diálogo.

Nas unidades son propostas actividades variadas, colaborativas e activas dentro da aula, pero tamén noutros espazos do colexio e tamén no contorno mediante saídas, visitas, excursions...

De xeito explícito forman parte dos elementos curriculares que se traballan en cada unidade (lateralidade, percepción, motricidade fina, xestión emocional...); e indicamos a pertinencia de traballar estes contidos para abordar o ámbito da educación viaria. Nas actividades sinalamos aquelas máis pertinentes para a educación viaria; para que os docentes as realicen sempre intentando aplicarlas para a competencia que se procura.

As actividades das aprendizaxes que se buscan están pensadas para facer na aula ou aire libre, na práctica diaria do camiño á escola ou nos traxectos cotiáns, para poder avaliar se o alumnado adquire esa competencia para o fin que se busca (camiñar con seguridade polo espazo público), e están subliñadas mediante círculos de cores.

E, por último, indicarlle tamén ao profesorado onde poden estar as dificultades de adaptación dalgunhas actividades á hora de ter en conta a diversidade funcional do alumnado

(por exemplo: en casos de dislexia, daltonismo, hiperactividade, autismo...), pois pode supor un handicap importante á hora de abordar un bo número de actividades.

Lendas significativas dos lugares onde se desenvolven as actividades

- Actividade ao aire libre no contorno:



- Actividade de camiño á escola:



- Actividade na aula:



- Actividade nas dependencias escolares (patio, pavillón, etc.):



Integración da proposta no Proxecto Educativo de Centro

Tal e como contempla a lexislación vixente (Artigo 8. 5), "Os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por engadir as áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo, e previa autorización da consellería competente en materia educativa."

Con este libro propoñemos ideas encamiñadas a que a Seguridade Viaria poida ser abordada como unha desas áreas, na que participen axentes educativos, sociais, autoridades e profesionais na materia. Para a consecución dese obxectivo, este Proxecto pode ser empregado como unha ferramenta máis nesa tarefa co-educativa e integradora.

Un elemento fundamental no deseño desta proposta é a interdisciplinabilidade. Neste senso, a nosa oferta foi pensada para formar parte nuclear do Proxecto Educativo do Centro e do deseño e programación da oferta incluída no mesmo.

Como factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas, propoñemos de cara ao fomento do hábito da lectura (educación en información) este proxecto, ademais do traballo con textos e materiais relacionados coa seguridade viaria como materia válida para ser incluída no Proxecto Lector de Centro.

Na nosa proposta, propónse a observación directa, a aprendizaxe significativa, a aprendizaxe por descubrimento, a alternancia entre individualización e socialización, polo que pode ser empregada como una ferramenta metodolóxica a incluír nas Programacións por todos os Departamentos do centro.

Recomendamos o emprego desta proposta no Plan Proxecto de cara a axudar na mellora da calidade educativa e favorecer a innovación nos centros, a motivación e o traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Tal como contempla a Administración educativa, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan coma para o resto da comunidade educativa galega en materia de seguridade viaria.

Pensadas dende a participación e o compromiso educativo coas familias, as nosas actividades poden ser incluídas como unha actividade a realizar por pais, profesores e alumnos de maneira individualizada ou conxunta e, en gran medida, foron deseñadas para a mellora da convivencia e a colaboración e intercambio cos servizos sociais, policía local, etc. da zona.

Buscamos recoller e fomentar valores xerais, como a tolerancia, a solidariedade, colaboración nas tarefas en grupo... relacionados cos coñecementos: rigor crítico, curiosidade científica...; normas sociais, cívicas e de conduta: respecto ás regras de organización colectiva, valores relacionados coa saúde e a hixiene, cos traballos e a comunicación na aula...

Así, esta iniciativa vai dirixida a colaborar na innovación educativa nos centros educativos, desenvolver as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.



Competencias Clave


Nas unidades deseñamos tarefas e actividades de aprendizaxe integradas que permiten ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As competencias clave que se pretenden acadar son as seguintes:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Propoñemos actividades para o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

En cada unidade, nun recadro, especificase con referencias icónicas as competencias clave que se están a traballar.



Un diagrama que mostra as competencias clave. No centro hai un recadro con un fondo amarelo e unha borda de puntos azules. No canto superior esquerdo do recadro, o texto "Competencias clave" aparece en branco sobre un fondo vermello. No canto superior dereito, o texto "Competencias" aparece en branco sobre un fondo vermello e amarelo. Dentro do recadro, hai sete íconas de insectos con caras e membros, cada unha representando unha competencia. No canto superior dereito do recadro, hai un ícono de un corazón con un foco encendido. No canto superior dereito do diagrama, hai un ícono de un corazón con un foco encendido.

Animamos os alumnos a ser responsables da súa propia aprendizaxe e a que poidan adquirir competencias e destrezas básicas para que traballen con autonomía e iniciativa persoal, cun pensamento crítico na resolución de problemas. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva, deseñamos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC



Unha proposta para un modelo de rúbrica de avaliación

A continuación, propoñémosche a modo orientativo un modelo de rúbrica para a avaliación das actividades. Pódeche servir como referencia, entre outras moitas que podes xerar automaticamente.

(ver www.edu.xunta.es/centros/iesteis/system/files/rubistar.pps)

Nome do Curso:					
Exercicio:					
Fase específica que se avalía:					
Nome do alumno:					
Aspectos	Criterios	Moi Ben	Ben	Suficiente	Insuficiente
TAREFAS	A elección e o enfoque da actividade.	Hai un tema claro e ben enfocado na actividade.	O tema que presenta é claro e non esta exactamente enfocado na actividade.	O tema é algo claro pero non está exactamente enfocado na actividade.	O tema non é claro e non está enfocado na actividade.
TEMÁTICA	Organización e secuencia.	O alumno sempre presenta as tarefas de forma organizada.	O alumno case sempre presenta as tarefas de forma organizada.	O alumno case nunca presenta as tarefas de forma organizada.	O alumno nunca presenta as tarefas de forma organizada.
MATERIAIS DE APOIO	Selección e creatividade.	Os materiais son moi ben utilizados e creativamente.	Os materiais son ben utilizados e houbo unha tentativa creativa.	Os materiais foron correctamente utilizados.	Os materiais foron utilizados de xeito inapropiado.
AVANCES NOS CONTIDOS	Procedementos	Demostra un completo entendemento do tema.	Demostra un moi bo entendemento do tema.	Demostra un bo entendemento en partes do tema.	Non parece entender o tema.
		Traballa moi ben de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Traballa ben de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Traballa de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Non traballa de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
		Traballa moi ben en equipo e adopta un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	Traballa ben en equipo e adopta un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	Traballa en equipo e adopta un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	Non traballa en equipo e adopta un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.
		Explica oralmente moi ben a importancia do uso da senda peonil.	Explica oralmente ben a importancia do uso da senda peonil.	Explica oralmente a importancia do uso da senda peonil.	Non explica oralmente a importancia do uso da senda peonil.
		Comprende e explica moi ben as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	Comprende e explica ben as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	Comprende e explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	Non comprende nin explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.

Aspectos	Critérios	Moi Ben	Ben	Suficiente	Insuficiente
AVANCES NOS CONTIDOS	Conceptos	Demostra un completo entendemento da terminoloxía propia da área.	Demostra un bo entendemento da terminoloxía propia da área.	Demostra un entendemento da terminoloxía propia da área.	Ten dificultades para entender a terminoloxía propia da área.
		Coñece moi ben os elementos básicos do seu contorno máis próximo.	Coñece ben os elementos básicos do seu contorno máis próximo.	Coñece os elementos básicos do seu contorno máis próximo.	Non coñece os elementos básicos do seu contorno máis próximo.
		Coñece moi ben as sendas peonís e as zonas habilitadas para peóns.	Coñece ben as sendas peonís e as zonas habilitadas para peóns.	Coñece as sendas peonís e as zonas habilitadas para peóns.	Non coñece as sendas peonís e as zonas habilitadas para peóns.
		Coñece moi ben os sinais de tráfico necesarios para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.	Coñece ben os sinais de tráfico necesarios para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.	Coñece os sinais de tráfico necesarios para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.	Non coñece os sinais de tráfico necesarios para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.
		Recoñece e interpreta moi ben o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	Recoñece e interpreta ben o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	Non recoñece nin interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.
		Recoñece moi ben a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	Recoñece ben a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	Non recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.
	Actitudes	Coñece moi ben e enumera as normas de convivencia da aula.	Coñece ben e enumera as normas de convivencia da aula.	Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.	Non coñece nin enumera as normas de convivencia da aula.
		Pon en práctica de forma moi satisfactoria procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	Pon en práctica de forma satisfactoria procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	Non pon en práctica procesos e razoamentos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.
		Valora moi ben as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico, establecidas na familia e na escola.	Valora ben as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico, establecidas na familia e na escola.	Valora as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico, establecidas na familia e na escola.	Non valora as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico, establecidas na familia e na escola.
		Colabora de forma moi satisfactoria en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Colabora de forma satisfactoria en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Non colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.

"O corazón está do teu lado"

Aspectos	Criterios	Moi Ben	Ben	Suficiente	Insuficiente
EXPOSICIÓN DO PROXECTO	Comprensión	O alumno pode contestar con precisión case todas as preguntas formuladas sobre o tema polos seus compañeiros de clase.	O alumno pode contestar con precisión a maioría das preguntas formuladas sobre o tema polos seus compañeiros de clase.	O alumno pode contestar con precisión unhas preguntas formuladas sobre o tema polos seus compañeiros de clase.	O alumno non contesta con precisión formuladas sobre o tema polos seus compañeiros de clase.
	Nivel de atención	O alumno mantén sempre o nivel de atención.	O alumno mantén case sempre o nivel de atención.	O alumno case nunca mantén o nivel de atención.	O alumno nunca mantén o nivel de atención.
	Dominio do contido	O alumno sempre demostra dominio dos contidos traballados na unidade.	O alumno case sempre demostra dominio dos contidos traballados na unidade.	O alumno case nunca demostra dominio dos contidos traballados na unidade.	O alumno nunca demostra dominio dos contidos traballados na unidade.
TOTAL					

Escala de avaliación:

Insuficiente. - Realiza un desempeño mínimo aceptable dos saberes sinalados nas rúbricas, baixo supervisión.

Suficiente. - Realiza un desempeño aceptable dos saberes sinalados nas rúbricas, con independencia.

Ben. - Realiza un desempeño de excelencia na maior parte dos saberes sinalados nas rúbricas de cada curso, mostrando independencia no seu desenvolvemento.

Moi ben. - Considera un nivel de excelencia no que se logran os estándares de desempeño de todos os saberes, de acordo ao sinalado nas rúbricas de cada curso, mostrando independencia no seu desenvolvemento e apoiando outros no logro destes.

Para o deseño desta estratexia de avaliación tivéronse en conta as recomendacións en materia de avaliación da lexislación vixente "na aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desenvolvemento do alumnado como, por exemplo, o portafolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas..."

Autoavaliación

O alumno vai axudar na avaliación das tarefas e actividades e amosará o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.

Corazóns avaliación

Avaliación

Valora a actividade

1

2

3

4

5

En cada actividade atoparás un recadro con cinco corazóns numerados nos que, se queres, podes pegar corazóns para valorala. Este ítem serve para que avalies os teus logros, tanto en coñecementos coma en competencias, e se responden ao que pretendiamos conseguir. Tamén serve para reflectir o teu grao de satisfacción coa actividade proposta.

Itinerario do libro

Bloque unidade


Este libro está pensado para ti, para que accedas dunha maneira lúcida a unha formación en materia de seguridade viaria que che permita, mediante un proceso colaborativo no que participen os teus docentes, familia, compañeiros e outros axentes sociais, adquirir os coñecementos e hábitos para desprazarte con seguridade ao longo dunha estrada nunha zona rural alí onde exista unha senda peonil. Lograrás a autonomía suficiente que che permita desenvolverte como peón, coñecendo os elementos que concorren na circulación e anticipándote aos riscos que poidan presentarse. Aprende educación viaria e actitudes de respecto que te axuden á prevención de accidentes. Lembra que o peón non é o débil se a precaución e o corazón están do seu lado.

Presentación

Ola, eu son **Latexo** e voute acompañar nesta aventura de camiñar seguro por unha senda peonil.


Este é o Teu libro de ruta para que fagas un percorrido divertido e educativo.

Así se presenta cada Bloque no que se indica o que queremos saber facer. Dividido en Unidades, cada unha co seu título que se refire ao tema que vas traballar de maneira individual ou en grupo coa guía do teu educador.



Actividade

Unha vez decidido o tema sobre o que se vai traballar, que forma parte da fase de preparación, iníciase a fase de desenvolvemento do proxecto cando poñemos en común o que sabemos sobre a temática que se vai traballar. Para acometer a aprendizaxe precisamos buscar información, que facer con ela. A partir de aí deseñamos unhas tarefas para elaborar, resolver o problema, contestar á pregunta... (segundo cal fose o punto de partida do proxecto). As actividades integran distintas experiencias e aprendizaxes para favorecer a túa capacidade de aprender por ti mesmo e promover o traballo colaborativo e en equipo. Pensadas como parte dun proceso de aprendizaxe gradual, cada actividade pódela traballar de maneira individual e illada e, despois, en conxunto, forman parte dun Bloque unitario co fin de que acades un obxectivo final. Cada unidade é un pequeno Proxecto en si mesmo que podes traballar en cada Proxecto Final de Bloque e, se traballas todos os contidos, nun Proxecto Final.




Proxecto final

A Actividade Final é unha actividade na que ti aplicarás os coñecementos adquiridos ao longo do conxunto das tarefas realizadas ou nunha soa, pero sempre de forma participativa.

Queremos saber?

En cada Unidade sempre che lembrarei que é o que queremos aprender e a actitude, valor ou norma que che sirva para calquera situación que se che presente.



Competencias clave

Animámote a ser responsable da túa propia aprendizaxe e que poidas adquirir unhas competencias e destrezas básicas para que traballes con autonomía e iniciativa persoal, cun pensamento crítico na resolución de problemas.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva deseñamos actividades de aprendizaxe integradas que che permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.



Competencias

Avaliación

Valora a actividade




Corazóns avaliación

En cada actividade atoparás un recadro con cinco corazóns numerados nos que, se queres, podes pegar corazóns para valorala. Este ítem serve para que avalies os teus logros, tanto en coñecementos coma en competencias, e se responden ao que pretendiamos conseguir. Tamén serve para reflectir o teu grao de satisfacción coa actividade proposta.

Proxecto bloque

Propoñemos unha serie de actividades para cada bloque; cada unha das cales está deseñada para que as traballes de xeito independente e logo todas elas, en conxunto, no Proxecto Final. Propoñenselle ao profesor de maneira conxunta pero ofrécesmole a posibilidade de que cada unha delas sexa escollida e consensuada contigo. Sempre debe estar asesorada e, na medida do posible, "dirixida" polo docente. Ser participativa, na que todos teñades un papel ou tarefa a desempeñar. Involucrando na medida do posible a túa familia. Que te divirtas, que sexa apropiada á túa idade, e capacidades. E ser reflexo dos coñecementos adquiridos.





Bloque

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

- Unidade 1 "Comezo o camiño"
- Unidade 2 "Móvome pola escola"
- Unidade 3 "Dona Prudencia"
- Unidade 4 "Guíome polo corazón"
- Unidade 5 "Debaixo da tona está o corazón"
- Unidade 6 "Poño atención!"

Proxecto de bloque I "Vou de marcha!"

Bloque

Como cruzar unha estrada.

- Unidade 7 "Coidado co crocodilo"
- Unidade 8 "Polo lado do corazón"
- Unidade 9 "Camiño sen riscos"
- Unidade 10 "Coñezo o camiño"
- Unidade 11 "Atento á encrucillada"

Proxecto de bloque II "Facendo Camiños"

Bloque

Camiño con prudencia e atención.

- Unidade 12 "O Vagalume"
- Unidade 13 "Non hai atallo sen traballo"
- Unidade 14 "Polo San Martiño peóns ao camiño"
- Unidade 15 "Vou pola man"
- Unidade 16 "A punto e limpo"

Proxecto de bloque III "Protexo a paisaxe facendo reciclaxe"

amexora



- Proxecto final "Camiño con ritmo"
- Sopa de letras
- Recortables
- Adhesivos



Que queremos saber?

- A traballar a orientación e a memoria espacial.
- A distinguir entre a dereita e a esquerda.
- A Identificar o meu corpo e as principais partes que interveñen no movemento.
- A ter autonomía e confianza nas miñas habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

Que cousas poderíamos facer?

- Cos ollos pechados, o alumno toca distintas partes do seu corpo seguindo as instrucións do profesor, traballando tamén os lados do corpo.
- Ponse en fronte do profesor coas palmas de cara, entón o profesor debe dicirlle o movemento que ten que facer, por exemplo: dereita-dereita, de forma que a súa man dereita debe ir á man dereita do profesor. O rapaz ten que imitar os movementos do profesor coma se fose un espello. Despois podémoslle mostrar imaxes de obxectos durante un espazo de tempo curto, e logo débeos debuxar.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable. Antes de cruzar, sempre hai que mirar varias veces á esquerda e á dereita.
Obxectivos Unidade	Traballar a orientación e a memoria espacial. Asegurar que o esquema corporal se encontra ben asentado. Distinguir entre a dereita e a esquerda.
Contidos	Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos... Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.
Metodoloxía	No ámbito do grupo- clase ou en grupos pequenos, probas de aplicación individual: o primeiro grupo consta de actividades ou cuestionarios de preferencia manual, nas que aos estudantes se lles indican unha serie de tarefas e eles deben realizalas coa man que prefiran ou ben realizar o xesto. Actividades de eficiencia manual cando se refiren a esta extremidade, descubren cal é a man (o pé, ou ollo) que maior habilidade demostra nas tarefas propostas.
Criterios de Avaliación	Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.
Estándares de aprendizaxe	Coñecer e identificar as partes do corpo propias. Reaccionar corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.

Que sabemos?

Podes facer unha pequena Avaliación Inicial dos conceptos que coñecen e as actitudes que presentan os alumnos sobre seguridade viaria. Ao final do libro do alumno propoñémosche un modelo de enquisa que podes realizar ao comezo do curso e que en anos sucesivos podes empregar para comprobar a evolución da aprendizaxe e o grao de mellora. Pode participar toda a comunidade educativa e a ANPA e, no caso de detectar deficiencias ou perigos, corríxilos.

IDEA FORZA DA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: lingua e literatura, matemáticas, educación física, valores sociais e cívicos e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Conciencia e expresións culturais (CCEC).

TEMPORALIZACIÓN

Primeiro Trimestre. Esta unidade presenta a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha ou varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Compartir. Ser pacientes. escoitar. Ser ordenados. Cooperar. Poñerse no lugar do outro. Elixir entre diferentes solucións. Empatía. Responsabilidade. Constancia. Compromiso social. Respetto.

ACTIVIDADES

Actividade 1

Colorea de cor vermella as frechas que sinalan cara á esquerda e de cor verde as que sinalan cara á dereita.

Actividade 2

Imitar as accións dos debuxos.

Actividade 3

Realizar as seguintes accións e marcar no recadro se as fai coa esquerda ou coa dereita. Finalmente, observar polas súas respostas cal é a súa man, pé ou ollo predominante.

MATERIAIS

Cores verde e vermella.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado

con necesidades específicas de apoio educativo.

Traballamos a lateralidade recoñecendo a direccionalidade esquerda-dereita.

Dislexia: Poden presentar dificultade para distinguir a esquerda da dereita, o educador indicarlle que se fixe cara a cal das súas mans mira o coche.

Daltonismo: Presenta dificultade para distinguir entre as cores vermella e verde.

Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH): Poden distraerse da tarefa ou perder interese. O educador pode animalo cun eloxio positivo.

Autismo: Na tarefa ,sente fronte ao neno e móstrelle cada unha das partes do seu corpo. Nas actividades, realice con el cada paso . Eloxie o seu esforzo..

Que queremos saber?

- A respectar a estrada. A amosar comportamentos cívicos na rúa e no ámbito escolar. A comprender a necesidade de respectar os usos e espazos comúns.
- A ser consciente de que xunto a min hai outros elementos que interveñen na circulación.
- A recoñecer as dificultades e problemas de circulación na escola, simulando características de circulación e convivencia como as da vía pública.

Que cousas poderíamos facer?

- Os nenos/as deben reparar en situacións cotiás da circulación na vida diaria aplicadas á escola: a entrada e saída ao centro ou ás clases, as carreiras polos corredores, a subida e baixada polas escaleiras, os accidentes ou incidentes no patio... para aprender as normas que regulan as relacións de convivencia e mobilidade de todos os membros da súa escola.
- Van pintar os seus pés con pintura de cores en cartolinas, que despois poñerán a modo de sinais polos corredores da escola, para que indiquen zonas de paso. Debuxarán as súas pegadas como logotipo ou imaxe para que poidan ser empregadas no Plan de Evacuación do centro xunto aos outros sinais normativos. (Páx. 49).

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Identificar as sendas e os sinais peonís. Sen senda peonil hai que andar pola marxe esquerda da vía. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar.
Obxectivos Unidade	Respectar a estrada. Amosar comportamentos cívicos na rúa e no ámbito escolar. Facer que os nenos comprendan a necesidade de respectar os usos e espazos comúns. Que os nenos/as sexan conscientes de que xunto con eles/as hai outros elementos que interveñen na circulación.
Contidos	Mostrar as dificultades e problemas de circulación na escola, simulando características de circulación e convivencia como as da vía pública
Metodoloxía	Expoñer as normas de convivencia e situacións cotiás na escola e comparalos cun comportamento responsable e seguro nas vías. Debate exposición de ideas. Diseñar e practicar simulacións de comportamentos na vía.
Criterios de Avaliación	Expoñer as normas de convivencia e situacións cotiás na escola e comparalas cun comportamento responsable e seguro nas vías. Debate exposición de ideas. Diseñar e practicar simulacións de comportamentos na vía.
Estándares de aprendizaxe	Coñecer e enumera as normas de convivencia da aula. Pór en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares. Colaborar en campañas escolares sobre a importancia do respecto ás normas de educación viaria. Recoñecer e interpretar o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente. Explicar oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.

Que sabemos?

Antes de comezar a traballar esta unidade, podes traballar na aula cos rapaces o Plan de Evacuación do Centro, amosarlle os sinais e os lugares por onde poden saír e facer un percorrido pola escola.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: educación física, valores sociais e cívicos e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

TEMPORALIZACIÓN

Primeiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Ser pacientes. escoitar. Ser ordenados. Cooperar. Poñerse no lugar do outro. Escoller entre diferentes solucións. Responsabilidade. Constancia. Compromiso social. Respeto.

ACTIVIDADES

Actividade

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Sempre temos présa por chegar aos sitios.

Percorre o camiño das espirais con dúas cores diferentes, unha de forma rápida e outra de forma máis lenta, sempre intentando non bater cos obstáculos. Logo de realizado, observa e pensa cal saíu mellor e por que.

MATERIAIS

6 botes de pintura acuosa.
Cores vivas.
Media ducia de cartolinas de cores.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Descubrimos a simetría do corpo a través do xogo psicomotor. Esquema corporal e lateralidade.

Disléxicos: Na tarefa poden presentar dificultade para distinguir a esquerda da dereita e problemas na coordinación motora, o educador indicarlles que para realizar a tarefa se fixen na man coa que escriben. Na actividade é importante guialo. Para que se desprace con orde e ritmo.

TDHA: Poden presentar hiperactividade e dificultade para permanecer tranquilos. O educador situarase preto e reforzará o traballo ben feito.

Autismo: Na tarefa, situalo preto e modelar cada paso indicándolle claramente como o debe realizar. Débese eloxiar con insistencia todo logro que consiga.

Que queremos saber?

- Que nas vías interurbanas é preciso camiñar polas zonas habilitadas para peóns. A senda peonil é un camiño seguro. Van aprender o que é una senda peonil, e que por ela camiño de forma segura.
- Van traballar a orientación espacial e o sentido do oído. Desenvolverán a capacidade de ver e prever obstáculos e as alertas de perigo. A traballar en grupo de maneira cooperativa.
- Aprenderán a ter confianza en si mesmos.

Que cousas poderíamos facer?

- Iremos xogar cos nenos á "pita cega".
- Sortéase entre os xogadores quen "queda" para facer de galiña cega. Ao que "queda" véndanselle os ollos e despois dá tres voltas sobre el mesmo mentres o resto de xogadores berran e chaman a súa atención. Despois, a pita cega avanza cos brazos estendidos intentando tocar algún dos outros xogadores e, cando o faga, debe adiviñar quen é tocándolle o cabelo, a cabeza, a cara e as mans.
- Despois dirá o nome do xogador que cre que é e, se acerta, cambian os postos; se non acerta, o resto de xogadores bérranlle que fallou, seguindo o xogo ata que acerte.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Identificar as sendas e os sinais peonís. Con senda peonil hai que andar polas zonas habilitadas para peóns. Sen senda peonil hai que andar pola marxe esquerda da vía.
Obxectivos Unidade	Nas vías interurbanas é preciso camiñar polas zonas habilitadas para peóns. A senda viaria é un camiño seguro.
Contidos	Explicar o que é una senda peonil, e que por ela se camiña de forma segura. Traballar a orientación espacial e o sentido do oído. Capacidade de ver e prever obstáculos e as alertas de perigo. Traballo cooperativo. Confianza nun mesmo .
Metodoloxía	Xogar ao xogo da Pita cega. Debuxar no patio unha senda ou camiño que o neno/a debe percorrer cos ollos tapados guiado polos compañeiros, tentando non saírse fora das marxes.
Criterios de Avaliación	Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos, aceptando as opinións dos e das demais. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas... en especial as de Galicia.
Estándares de aprendizaxe	Adopta condutas seguras ao actuar como peón ou peoa nas saídas polo contorno do colexio. Participa activamente nas actividades propostas. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.

Que sabemos?

Antes de comezar esta actividade podes preguntarlle aos teus alumnos que nocións xerais teñen de seguridade viaria e o que eles consideran bos hábitos ou comportamentos na vía pública e a percepción que teñen dos riscos.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: educación física, valores sociais e cívicos e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Comunicación lingüística (CCL). Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Conciencia e expresións culturais (CCEC).

TEMPORALIZACIÓN

Primeiro Trimestre. Esta unidade presenta a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Compartir. Ser pacientes. escoitar. Cooperar. Poñerse no lugar do outro. Responsabilidade. Constancia. Paz. Emocións básicas. Respeto.

ACTIVIDADES

Actividade

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

*Por onde teñen que circular?
Os alumnos deben unir con liñas cada debuxo por onde lles corresponda circular.*

MATERIAIS

Unha venda ou pano para os ollos.
Un chifre ou bucina.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Traballamos a coordinación estática e dinámica, a representación temporal-espacial, o esquema corporal e o control do movemento. Recoñecer e percibir correctamente os estímulos do medio.

Disléxicos: Na tarefa poden presentar unha pobre coordinación motora, e certos problemas na secuenciación auditiva e sensorial. Dar instrucións claras. Debemos eloxiar o seu esforzo.

TDAH: Control de impulsividade. Ten dificultade para atender e seguir as normas dun xogo. Explicar a actividade de xeito secuencial e a actitude que se debe ter en cada momento.

Autismo: Pode sentirse nervioso na interacción social, anticiparemos a situación explicando os pasos. Guiaremos a súa participación no xogo, dándolle seguridade e apoio. Reforzar os seus logros.

Atención á discapacidade sensorial auditiva e visual: Integración (visual, auditiva, táctil, etc.) das aferencias en unidades máis ou menos complexas de información significativa.

Que queremos saber?

- Que, cando non hai senda peonil, sempre debo desprazarme polo lado esquerdo da vía, e sempre atento á circulación.
- O meu corpo e o seu funcionamento. Identificación dos aparellos relacionados co corpo humano (dixestivo, respiratorio, circulatorio...).

Que cousas poderíamos facer?

- Os nenos e nenas aprenderán as similitudes que hai entre o modelo da circulación sanguínea no corazón e as cores do sangue nas veas e nas arterias, e a forma de circular ordenadamente polos viais e as cores e elementos significativos das vías.
- A través da observación dun reloxo de agullas, establecerán a semellanza co movemento do sangue no corpo humano. O movemento circular.
- A circulación pola estrada polo lado esquerdo da vía e que o relacionen coa posición do corazón no lado esquerdo do seu corpo.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Promover a visibilidade dos peóns nos seus desprazamentos na estrada. Con senda peonil, hai que andar polas zonas habilitadas para peóns. Sen senda peonil, hai que andar pola marxe esquerda da vía.
Obxectivos Unidade	Cando non hai senda peonil sempre debemos movernos polo lado esquerdo da vía e cruzar a estrada por sitios seguros poñendo sempre atención aos obstáculos e perigos.
Contidos	O corpo humano e o seu funcionamento. Identificación dos aparellos relacionados con el (aparellos respiratorios, dixestivo, circulatorio e excretor). Se non hai senda peonil, lembrar a obrigatoriedade de camiñar polo lado esquerdo da estrada, e sempre atento á circulación.
Metodoloxía	Mediante un esquema ou gráfico, amosar aos nenos/as que a circulación do sangue no corpo é algo natural e comparala coa circulación nas vías.
Criterios de Avaliación	Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles .
Estándares de aprendizaxe	Coñecer os principais órganos vitais e entender a súa importancia no funcionamento do organismo. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. Que os nenos/as entendan a circulación do sangue como algo natural e que eles/as acaden un modo de circular polas vías de forma corecta e natural.

Que sabemos?

Mediante unhas laminas mudas do corpo humano, completar coas diferentes partes dos aparellos: locomotor, do corazón... podes repasar cos alumnos ou comprobar que é o que saben das partes máis importantes do noso corpo e a súa relación co movemento.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, lingua castelá e literatura, matemáticas, educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Comunicación lingüística (CCL). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

TEMPORALIZACIÓN

Primeiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Ser pacientes. escoitar. Ser ordenados. Respeto. Cooperar. Elixir entre diferentes solucións. Responsabilidade. Constancia. Compromiso social. Respeto.

ACTIVIDADES

Actividade 1

Une o debuxo e pon o nome en inglés.

Actividade 2

Adiviña, adiviñanza.

Actividade 3

Pega sobre as siluetas o corazón. Cara a que lado do corpo está o corazón?

Relaciona a posición do corazón co sentido da marcha cando non hai senda peonil.

MATERIAIS

Esquema ou presentación da circulación sanguínea.

Esquema da circulación dos vehículos e dos peóns.

Reloxo de agullas.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado

con necesidades específicas de apoio educativo.

Fortalecemos o esquema corporal, a lateralidade ,as relacións espaciais, e o movemento.

Disléxicos: Poden presentar dificultade para distinguir a esquerda da dereita e déficit de memoria de traballo. O educador guiará as actividades recordando que o corazón está na esquerda do corpo, e reforzará a idea corazón=esquerda=sentido da marcha en senda peonil.

TDAH: Cústalle a atención sostida. O educador debe axudalo a descubrir e seleccionar a información relevante, axudalo a organizala e sistematizala.

Autismo: Reforzar os conceptos que desexamos que logre apreciar con apoio visual. Explicar repetidamente ,e traballar a súa comprensión con preguntas. O apoio visual é moi importante para a súa aprendizaxe. Comprender as relacións causa efecto directas é máis fácil que lograr abstraccións máis complexas.

Que queremos saber?

- Concienciar os rapaces de que a mobilidade corporal e o feito de camiñar á escola están relacionados co seu benestar e coa súa saúde.
- Como os seus hábitos inflúen nunha vida saudable: fomentar unha alimentación equilibrada e exercicio físico regular.

Que cousas poderíamos facer?

- Indicar aos alumnos que no percorrido que fan a andar de camiño á escola, poden ir recollendo froitas de temporada (neces, castañas, mazás...) e levalas á escola, ademais da froita ou comida que poidan levar da casa.
- Que reparen que no camiño que fan todos os días hai cousas interesantes.
- Van debuxar e facer esquemas das partes da froita. Amosarlle a pirámide alimenticia e as propiedades nutritivas dos alimentos.
- Poden comparar os diferentes alimentos que son bos para Latexo e para eles.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Identificar as sendas e os sinais peonís. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada e o exercicio físico regulado. Con senda peonil, hai que andar polas zonas habilitadas para peóns. O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable.
Obxectivos Unidade	A mobilidade corporal e camiñar a escola están relacionados co benestar da persoa e a saúde.
Contidos	Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada e o exercicio físico regulado.
Metodoloxía	No percorrido que fan a andar de camiño á escola, poden ir recollendo froitas de temporada (neces, castañas, mazás...) ademais da froita ou comida que poidan levar da casa. Facer debuxos ou esquemas das partes da froita...
Criterios de Avaliación	Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.
Estándares de aprendizaxe	Relacionar a vida saudable cunha alimentación adecuada. Relacionar o exercicio físico e o tempo de lecer coa propia saúde. Adoptar hábitos alimentarios saudables. Iniciar a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.

Que sabemos?

Comproba os alimentos que os rapaces levan á escola, pódete resultar de interese para ti e para as familias saber se a súa alimentación é saudable, cal é a opinión que teñen eles, ou cales consideran que son os alimentos saudables.

IDEA FORZA DA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: lingua e literatura, ciencias da natureza, educación física, valores sociais e cívicos e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

TEMPORALIZACIÓN

Primeiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Compartir. escoitar. Cooperar. Empatía. Moderación. Responsabilidade. Constancia. Respecto. Emocións básicas.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

Guillermo Tell: os alumnos póñense por parellas; cada un coa mazá que recolleu camiño da escola. Colocar o lapis a un palmo sobre a mazá do debuxo. Soltar o lapis e, se lle dan á mazá do debuxo, daránlle unha dentada á mazá do seu compañeiro; pero se non é así el comerá da súa. Lanzará o lapis unha vez cada un ata rematar a mazá do seu compañeiro ou compañeira.

MATERIAIS

Froitas.

Láminas ou debuxos de ciencias da natureza sobre as partes das froitas. A pirámide alimenticia.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Coñecemos hábitos saudables. Tarefa de clasificación e seriación lóxica.

Dislexia: Pode ter dificultades no control e manexo do lapis. Problemas de organización, en especial os relacionados coa linguaxe escrita, os parágrafos e redaccións. Apoio do educador e reforzo ó longo da actividade.

TDAH: Controlar a impulsividade e a inatención. O educador marcará os pasos da tarefa, eloxiarase o esforzo e a motivación adicada á tarefa.

Autismo: Esta actividade non presenta dificultades xa que experimentar coas diferentes manifestacións da natureza reforza a aprendizaxe de contidos. Recordar que sempre en actividades de relación social é positivo anticiparlle a situación que van experimentar. Estimular a actividade apoiándose na imitación.

Que queremos saber?

- A poñer atención aos ruídos que se producen na rúa, teño que identificalos axeitadamente e empregalos como un sinal de alerta.
- Saberei previr os riscos coñecendo as fontes sonoras do contorno próximo.
- Tomarei conciencia do ruído como unha forma de contaminación.

Que cousas poderíamos facer?

- Os alumnos van escoitar sons de animais, vehículos a motor, barcos, ferrocarrís... e, a continuación, verán imaxes dos obxectos que os producen para que poidan relacionalos.
- Pódelle reproducir aos rapaces sons a diferente volume para que poidan apreciar o efecto de proximidade e distancia e relacionalos.
- Que os nenos e nenas teñan en conta o ruído como alerta dun posible perigo ou ameaza.

Que aprendemos?

<i>Obxectivos específicos</i>	Amosar a importancia de pensar na propia seguridade advertindo da falsa sensación que poden dar algúns elementos de sinalización. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar. Antes de cruzar, sempre mirar varias veces á esquerda e á dereita.
<i>Obxectivos Unidade</i>	Poñer atención aos ruídos que se producen na vía, identificalos axeitadamente e empregalos como unha sinal de alerta. Prevención de riscos.
<i>Contidos</i>	Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo. O ruído como sinal de atención.
<i>Metodoloxía</i>	Reproducción de sons recoñecibles ou non para os nenos/as, para que poidan identificar a súa orixe e relacionalos coa estrada. A proximidade ou afastamento do ruído.
<i>Criterios de Avaliación</i>	Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.
<i>Estándares de aprendizaxe</i>	Obter información puntual e describir unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.

Que sabemos?

Fai unha pequena enquisa entre os alumnos sobre os seus hábitos diarios e os do seu contorno con relación ao ruído na casa, no coche, na escola... O que eles consideran normal ou molesto. Que sons coñecen dos medios relacionados coa circulación viaria e se son capaces de identificalos como unha ameaza ou dan falsa sensación de seguridade.

IDEA FORZADA DA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, lingua castelá e literatura, valores sociais e cívicos e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

TEMPORALIZACIÓN

Primeiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Compartir. Ser pacientes. escoitar. Ser ordenados. Elixir entre diferentes solucións. Empatía. Responsabilidade. Constancia. Moderación. Compromiso social. Respeto.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas ofrece unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

A actividade

Subliña en vermello os posibles sons da lista que poden ser un sinal de alerta. A continuación, con toda a aula en silencio, escoita e apunta no recadro en branco todos os sons que escoitas.

MATERIAIS

Gravacións sonoras e imaxes de elementos que poidan atopar os rapaces na vía.
Traballar con fontes sonoras.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Desenvolvemos a discriminación auditiva o razoamento perceptivo a clasificación e seriación lóxica de imaxes e sons.

Daltonismo : Indicarlle cal é a cor vermella.

TDAH: Pode ter dificultades na atención sostida que mantén a direccionalidade cognitivo-comportamental sobre un determinado tipo de estímulo (sonoro). Participar xunto a el nos xogos, modelando os comportamentos que se desexa que aprenda.

Autismo: Se observa que o ruído e os sons lle molestan, ensínelle como tapar os oídos. Se ve que está desesperando ao expoñerse a estas situacións, gradúe o tempo de permanencia nelas, retíreo da actividade cando sexa necesario e utilice frases que o axuden a acougar. Estimule a aprendizaxe con preguntas sobre o traballado nas unidades.

Que queremos saber?

- Que os alumnos aprendan a usar internet de xeito autónomo para a busca de información.
- Que coñezan e traballen técnicas de orientación no espazo. Que saiban elaborar un itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais e logren, coa axuda do profesor, trazar un itinerario ou ruta segura de camiño á escola. Que os nenos coñezan o espazo onde viven e o seu contorno xeográfico.
- Que adquiran a noción de conceptos e hábitos para unha vida saudable.

Que cousas poderíamos facer?

- Organiza e deseña cos teus compañeiros doutros departamentos unha excursión para ver e practicar algúns dos conceptos desenvolvidos nas tarefas que traballaches cos teus alumnos na aula en cada unidade. Elaborade unha ruta e, despois, percorrédea xuntos.
- O obxectivo é pasalo ben e tamén aprender moito.

Que aprendemos?

Obxectivos Específicos*.	Promover a visibilidade dos peóns nos seus desprazamentos na estrada. O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable. Antes de cruzar, sempre hai que mirar varias veces á esquerda e á dereita. Identificar as sendas e os sinais peonís. Con senda peonil, hai que andar polas zonas habilitadas para peóns. Sen senda peonil, hai que andar pola marxe esquerda da vía. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar. Aposar a importancia de pensar na propia seguridade advertindo da falsa sensación que poden dar algúns elementos de sinalización. Antes de cruzar sempre mirar varias veces a esquerda e dereita.
Obxectivos Unidade	Trazar un itinerario ou ruta segura de camiño á escola. Coñecemento do espazo e o contorno xeográfico.
Contidos	Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información. Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.
Metodoloxía	Excursión ou saída en grupo onde os rapaces/as poidan visualizar e practicar algúns dos conceptos desenvolvidos nas tarefas traballadas en cada unidade. Elaborar unha ruta e logo percorrela.
Criterios de Avaliación	Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.
Estándares de aprendizaxe	Obter información puntual e describir unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.

Que sabemos?

*No Proxecto final de Bloque, téntanse, mediante unha única actividade final, que os alumnos e alumnas coñezan e adquiran a totalidade, ou a meirande parte, dos obxectivos específicos en materia de seguridade viaria proposta para cada unidade.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua e literatura, matemáticas, valores sociais e cívicos, educación artística e educación física.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). Comunicación lingüística (CCL). Competencia dixital (CD).

TEMPORALIZACIÓN

Final do Primeiro Trimestre. Esta unidade final de Bloque pode ser traballada de maneira individual e illada, pero está deseñada como unha proba final de conxunto de todas as tarefas e actividades propostas ao longo do bloque.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Traballamos a planificación previa dun itinerario seguro, a busca de información a orientación espacial e o traballo en equipo.

Dislexia: Pode presentar déficit de memoria a curto prazo (de traballo), fronte a materiais visuais e auditivos. O educador apoiará o seu traballo. O uso do ordenador facilita a súa aprendizaxe.

TDAH: Para facilitar a claridade na tarefa, o educador pode orientar de xeito explícito a atención cara ao

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoitar. Ser ordenados. Escoller entre diferentes solucións. Empatía. Compartir. Ser pacientes. Emocións básicas. Responsabilidade. Dar e pedir razóns. Constancia. Moderación. Compromiso social. Respeto. Igualdade. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

“Vou de Marcha” consiste nunha excursión na que os alumnos xunto co profesor poden deseñar e logo percorrer un itinerario. Ao final deben facer unha actividade e debuxar o itinerario percorrido polo grupo.

MATERIAIS

Ordenador conectado a internet.
Mapa ou plano.

PROPOSTA DE AVALIACIÓN

Propoñémosche un modelo de Rúbrica para a realización da avaliación das tarefas propostas na totalidade do Bloque ou as que ti desenvolveses.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.

problema ou tarefa que se lle suscita. Axudalo a descubrir e seleccionar a información relevante, e a organizala e sistematizala. E entregarlle as instrucións en forma parcelada, marcando dalgunha forma os pasos da tarefa.

Autismo: Anticípelle a situación que experimentará e motivo na actividade. Pódese estimular o desenvolvemento da memoria visual, esta é unha gran potencialidade dos nenos e nenas autista.

Que queremos saber?

- Os alumnos deben coñecer, aceptar e ter respecto ás normas e regras na escola e na estrada.
- Que é moi importante que, antes de cruzar, teñen que mirar varias veces aos dous lados da estrada.
- Que, pola súa seguridade, deben cruzar a estrada sempre en liña recta.

Que cousas poderíamos facer?

- No patio da escola, coa axuda do profesor, debuxar no terreo dúas liñas paralelas separadas varios metros (simulando unha estrada). Dentro delas colocaranse un ou dous compañeiros, que farán de crocodilos. Os que estean fóra das liñas tratarán de pasar dun lado ao outro sen seren atrapados.
- “Queda” quen fose pillado. O crocodilo representa os coches que circulan pola estrada, transmitiremos aos nenos que a única forma válida de cruzar unha estrada é sempre en liña recta, e que deben evitar diagonais e cambios de sentido.


Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Antes de cruzar, sempre hai que mirar varias veces á esquerda e á dereita. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar. Ao cruzar, o obxectivo é chegar ao outro lado sen despistarse con outra cousa. Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil.
Obxectivos Unidade	Antes de cruzar, hai que mirar varias veces aos dous lados da estrada. Que os nenos/as entendan a necesidade de cruzar sempre en liña recta. Aceptación e respecto cara ás normas e regras.
Contidos	Debemos observar con moita atención o tráfico antes de cruzar. Como e por onde debemos cruzar unha estrada: sempre en liña recta.
Metodoloxía	Realizar un xogo onde os nenos/as tenten cruzar dunas liñas paralelas sen seren collidos por un compañeiro que corre polo medio delas.
Criterios de Avaliación	Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e os outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
Estándares de aprendizaxe	Coñecer e respectar a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. Ser consciente da perigosidade de cruzar unha estrada. Coñecer perfectamente como e por onde é máis seguro e doado cruzala.

Que sabemos?

Debemos ter presente que a quen educamos é aos “transeúntes”, é dicir, aos nosos alumnos e non ás vías nin aos camiños pois son elementos inertes. Propón a tarefa despois de coñecer un pouco as situacións reais na que se desprazan, calquera que sexa o medio, e que referentes ou educación reciben na casa para, coas tarefas propostas, reforzala, corríxila ou melloralas.

IDEA FORZADA DA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: matemáticas, valores sociais e cívicos e educación física.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Conciencia e expresións culturais (CCEC).

TEMPORALIZACIÓN

Segundo Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoitar. Ser ordenados. Empatía. Compartir. Ser pacientes. Emocións básicas. Responsabilidade. Dar e pedir razóns. Constancia. Moderación. Compromiso social. Respecto. Igualdade. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

A actividade

O alumno, nun recadro, debe atopar e sinalar certos elementos diferentes. Encontrar e rodear os tres C. Mirando ben de esquerda a dereita e de dereita a esquerda.

MATERIAIS

Unha camiseta verde para o crocodilo.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Potenciamos o desenvolvemento psicomotor, a motricidade, o equilibrio, a seguridade no movemento, a coordinación motriz, o control postural. Desprazamentos autónomos en diferentes medios. Discriminación visual.

Dislexia: Pode presentar dificultade para distinguir a esquerda da dereita, o educador indicarlle que se fixe en cara a cal das súas mans mira a letra.

TDAH: Deixar claras as normas do xogo. Eloxar o seu comportamento se as respecta. A actividade favorece a atención sostida.

Autismo: As actividades sociais melloran as súas habilidades de interacción social favorecendo unha aprendizaxe de imitación. Sitúese cerca do alumno para estar atento a calquera axuda que requira, mentres interactúa no xogo.

Alumnado con déficit motriz: Pode presentar dificultades de coordinación e pode ser ambidestro e confundir esquerda/dereita. o educador apoiará o seu desprazamento na actividade.

Que queremos saber?

- Os alumnos/as van coñecer o sentido da marcha e da circulación de vehículos e peóns polas vías.
- A identificar os lugares por onde, e de que maneira, deben circular os vehículos e peóns.
- O profesor axudaraos a entender o concepto de orde e a necesidade de organización na sociedade.

Que cousas poderíamos facer?

- Para que os alumnos perciban como a natureza ten unha orde e como a actividade humana organizada tende a esa orde, traballan con imaxes e, coa túa guía, farán saídas para ver o movemento dos paxaros cando voan en grupo e as súas migracións; a circulación dos ríos e outros elementos naturais sometidos a certa orde.
- Comparar amosándolle aos rapaces imaxes, ou fóra da aula, como as aves e outros animais se desprazan en grupo (senda animal) seguindo rutas preestablecidas para chegar a un lugar de forma segura.


Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Identificar as sendas e os sinais peonís. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar.
Obxectivos Unidade	Darse de conta do sentido da marcha da circulación dos vehículos e dos peóns. Identificar os lugares por onde circulan os vehículos e peóns.
Contidos	Observar o movemento dos paxaros cando voan en grupo e as súas migracións; a circulación dos ríos e outros elementos naturais sometidos a certa orde. O sentido da marcha e da circulación de vehículos e peóns polas vías.
Metodoloxía	Amosar que na natureza existe unha orde establecida aplicable á vida diaria.
Criterios de Avaliación	Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a súa realidade e o comportamento da natureza.
Estándares de aprendizaxe	Establecer relacións simples entre o comportamento humano e da natureza, que impliquen dominio dos contidos traballados.

Que sabemos?

Amosarlle aos alumnos información e conceptos sobre a xeografía e redes viarias ou fluxos de transporte. Logo preguntarlles que elementos recoñecen ou lles son familiares e se pensan que están presentes en certos comportamentos da natureza, ou como os relacionan con certas regras ou normas. Partir dos coñecementos ou percepcións previas.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

TEMPORALIZACIÓN

Segundo Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoitar. Empatía. Ser pacientes. Emocións básicas. Responsabilidade. Constancia. Moderación. Compromiso social. Respecto. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

A actividade

O alumno/a axuda a formiga a chegar á folla a través dun labirinto. Ollo! Un dos camiños é perigoso para a formiga.

MATERIAIS

Imaxes da natureza e do comportamento animal en relación á organización humana.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado
con necesidades específicas de apoio educativo.

Traballamos a seguridade nos desprazamentos a través da natureza, o razoamento perceptivo, e a motricidade fina.

Disléxicos: Pode presentar dificultade na memoria de traballo. O educador recordará conceptos de actividades anteriores e reforzará a idea corazón= esquerda=sentido da marcha en senda peonil.

TDAH: Cústalle a atención sostida. O educador debe axudalo a descubrir e seleccionar a información relevante, axudalo a organizala e sistematizala.

Autismo: Reforzar os conceptos que desexamos logre apreciar con apoio visual. Explicar repetidamente e traballar a súa comprensión con preguntas. O apoio visual é moi importante para a súa aprendizaxe. Comprender as relacións causa efecto directas é máis fácil que lograr abstraccións máis complexas.

Que queremos saber?

- Como actuar na práctica dun simulacro de evacuación co fin de desaloxar o colexio, mantendo a calma e a orde.
- Circular con orde e seguindo normas e instrucións prefixadas.
- A aprender noções básicas de prevención de riscos e normas para a protección dos alumnos.

Que cousas poderíamos facer?

- Realizaremos un simulacro para probar a eficacia do plan de evacuación. Ademais da sinalización obrigatoria, os rapaces van colaborar na sinalización das vías de evacuación do centro escolar, implicándose eu tamén no coñecemento do plan de emerxencia.
- Amosareilles aos alumnos o plan de evacuación da escola e como teñen que actuar ante unha situación de perigo. Deberán saber identificar os sinais porque o profesor lles amosará os sinais e o seu significado e eles axudarán a deseñar parte da sinalización viaria que complementa as rutas de evacuación. Aprenderán a seguir as normas.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Identificar as sendas e os sinais peonís. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar. Cruzar a estrada sen entretirse e na distancia máis curta posible. Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil. Proporcionar espazos seguros de mobilidade para peóns. Amosar a importancia de pensar na propia seguridade advertindo da falsa sensación que poden dar algúns elementos de sinalización.
Obxectivos Unidade	Sinalizar as vías de evacuación do centro escolar. Coñecemento xeneralizado (profesorado, estudantes e persoal non docente) do Plan de Emerxencia e Evacuación da escola e de como hai que actuar ante unha situación de perigo.
Contidos	Plan de Evacuación do Centro Escolar. Desenvolver o sentido da orientación, das normas e de comportamentos seguros e responsables
Metodoloxía	Deseño das vías de evacuación. Ademais da sinalización obrigatoria pola lexislación vixente, os alumnos poden deseñar no chan dos corredores, vías e elementos de sinalización viaria que complementen as rutas de evacuación e axuden á súa identificación. A continuación, poden realizar simulacros periódicos para probar a súa eficacia.
Criterios de Avaliación	Facilitar unha aprendizaxe práctica cun simulacro de evacuación co fin de desaloxar o colexio mantendo a calma e a orde.
Estándares de aprendizaxe	Recoñecer as situacións de risco. Prestar atención ás indicacións das responsables de seguridade. Amosar autonomía e iniciativa persoal.

Que sabemos?

Para evitar a improvisación podemos expor unha hipótese de traballo previo, por exemplo: prever a eventualidade de que unha das saídas exteriores da planta baixa se considere bloqueada e que se teñan que utilizar unicamente outras vías de saída existentes no edificio. Expór esta cuestión aos alumnos e preguntarlles que farían se tivesen que cambiar inesperadamente a súa ruta de camiño á escola por unha causa de forza maior.

IDEA FORZADA DA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Comunicación lingüística (CCL).

TEMPORALIZACIÓN

Segundo Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoitar. Ser pacientes. Emocións básicas. Responsabilidade. Moderación. Compromiso social. Respeito. Liberdade. Resolución pacífica de conflitos. Cidadanía democrática. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

O alumno/a vai facer unha breve redacción do percorrido que fai do patio á súa clase.

MATERIAIS

Plan de evacuación.
Nocións básicas de prevención de riscos e normas de protección.
Colaboración coa policía local, bombeiros e protección civil.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Comprendemos a importancia da seguridade e a protección en situacións de risco. O desenvolvemento psicomotor, a seguridade no movemento. Aprendemos a facer desprazamentos autónomos en diferentes medios. E a recoñecer e percibir correctamente os sinais de protección.

Dislexia: Pode presentar dificultade para escribir e problemas de organización no relacionado coa linguaxe escrita, os parágrafos e redaccións. O educador reforzará o seu traballo eloxiando o seu desenvolvemento.

TDHA: Pode ter dificultades no control da impulsividade e no mantemento da atención. Hai que axudalo a descubrir e seleccionar a información relevante, axudalo a organizala e sistematizala.

Autismo: A relación causal entre obxectos e acontecementos favorece a súa aprendizaxe. Practique o seguimento das ordes de prevención en diferentes lugares da escola. Ensínelle a seguir ordes dadas por diferentes persoas. Secuencie as ordes. As instrucións deben ser utilizadas frecuentemente, para garantir a comprensión e a execución inmediata.

Alumnado con déficit motriz: Prestar especial atención a alumnos que presentan dificultades nas habilidades motoras, manteñen mal o equilibrio. Dificultades de coordinación, ou que confunden esquerda/dereita. O educador apoiará o seu desprazamento na actividade.

Que queremos saber?

- Os alumnos van aprender, como peóns, condutas axeitadas e recibir unha orientación para saber enfrontarse aos problemas e dificultades que poden atopar como usuarios de redes viarias.
- Poderán describir os percorridos que fan e os seus criterios de elección en canto ás súas características como transeúnte. Aprenderán a tomar decisións de forma autónoma, a ter iniciativa persoal, a ser creativos e a valorar os seus logros.

Que cousas poderíamos facer?

- O profesor pode pedirlle a algúns alumnos que conten á clase o percorrido que realizan diariamente ao saír da casa, que medio utilizan para chegar á escola, se van sós ou acompañados, se repiten sempre o mesmo camiño ou cambian, a que hora saen da casa e chegan á escola, por que escollen ese camiño ou se llo indica alguén... despois tentarán facer un mapa co percorrido dende a saída á chegada ao seu destino, sinalando por onde cruzan, etc.
- En grupo, co profesor, poderán saír a facer un dos percorridos que fan cando van á escola.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Identificar as sendas e os sinais peonís. Con senda peonil, hai que andar polas zonas habilitadas para peóns. O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable. Ao cruzar, o obxectivo é chegar ao outro lado sen despistarse con outra cousa.
Obxectivos Unidade	O propósito desta actividade é a formación da conduta do peón/a en canto a usuario de redes viarias e a súa orientación ante os problemas e dificultades como usuario destas. Descrición dos percorridos que toman os nenos/as e os criterios de elección destes en canto ás súas características como transeúnte.
Contidos	Valorar o grao de decisión e autonomía dos nenos/as e como esta depende de cada familia. A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.
Metodoloxía	Elaborar un cuestionario cos percorridos que os nenos/as realizan para ir á escola. Facer un plano. Discutir as motivacións ou directrices que estes seguen.
Criterios de Avaliación	Valorar o grao de decisión e autonomía dos nenos/as. Nivel de madurez na toma de decisións. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable,
Estándares de aprendizaxe	Reflexionar, respondendo a preguntas sobre as consecuencias das súas accións. Desenvolver actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais de interacción social.

Que sabemos?

Inicialmente, pódelle formular aos alumnos un pequeno cuestionario oral ou escrito, adaptado ás súas idades, para coñecer as motivacións, directrices, ou suxestións que lles fan para decidir o seu camiño diario, e así poder escoller ou organizar mellor as tarefas propostas e así corrixir as súas rutinas.

IDEA FORZADA DA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Comunicación lingüística (CCL).

TEMPORALIZACIÓN

Segundo Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha ou varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoller entre diferentes solucións. escoitar. Ser pacientes. Emocións básicas. Responsabilidade. Moderación. Respecto. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

O alumno/a vai debuxar o percorrido que fai de camiño á escola.

MATERIAIS

Caderno de debuxo do alumno/a.
Plano do contorno do colexio.
Un dos mapas será empregado polo profesor para facer un percorrido en grupo.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Traballamos a seguridade nos desprazamentos, a toma de decisións, o razoamento e a expresión oral a memoria auditiva e visual e a expresión plástica.

Disléxicos: Asegurarse de que as instrucións e explicacións que lle transmitiu sexan claras, de acordo ao ritmo do neno e volvéndoas repetir as veces que sexan necesarias. Axudalo a recuperar a memoria a curto prazo dos contidos traballados en unidades anteriores.

TDAH: Cústalle a atención sostida, valorarase o seu esforzo. O educador debe axudalo a descubrir e seleccionar a información relevante e a expresala oralmente. Estimular a memoria inmediata, e a relevancia do aprendido.

Autismo: Reforzar os conceptos da unidade con apoio visual. Explicar repetidamente e traballar a súa comprensión con preguntas.

Que queremos saber?

- Os alumnos van coñecer e identificar os nomes dalgunhas palabras relacionadas coa vía.
- A deducir que significan as palabras polo contexto. Aprenderán conceptos e ampliarán o seu vocabulario.
- Poderán relacionar conceptos de seguridade viaria para comprender mellor a súa función.

Que cousas poderíamos facer?

- Despois de amosarlle aos alumnos imaxes e debuxos, traballarán sobre conceptos de seguridade viaria e o seu significado para poder identificalos correctamente e situalos mentalmente se están presentes ou non no percorrido que fan diariamente.
- Vanse familiarizar con lugares, infraestruturas ou obxectos que ven para estar alerta, por exemplo: do risco nos cruces, e actuar axeitadamente pola súa seguridade.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable. Antes de cruzar, sempre hai que mirar varias veces á esquerda e á dereita. Ao cruzar, o obxectivo é chegar ao outro lado sen despistarse con outra cousa. Cruzar a estrada sen entretense e na distancia máis curta posible. Poner atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar.
Obxectivos Unidade	Coñecer e identificar os nomes dalgunhas palabras relacionadas coa vía.
Contidos	Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.
Metodoloxía	Facer encrucillados.
Criterios de Avaliación	Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso.
Estándares de aprendizaxe	Utilizar o vocabulario axeitado á súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.

Que sabemos?

Como paso previo á actividade temos que coñecer o punto de partida. Pregunta aos teus alumnos que coñecementos posúen en materia de seguridade viaria como peóns. Tenta pescudar o grao de coñecemento que, desde o seu punto de vista, teñen sobre as normas de tráfico e algúns aspectos xerais relacionados coa seguridade viaria.

IDEA FORZA DA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Comunicación lingüística (CCL).

TEMPORALIZACIÓN

Segundo Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoller entre diferentes solucións. escoitar. Responsabilidade. Moderación. Respecto.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

Completar frases con palabras que faltan e que son conceptos de seguridade viaria que lles son familiares.

MATERIAIS

Fotografías e imaxes de cruces de camiños e estradas.

Definicións e conceptos de seguridade viaria (ver glosario).

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado

con necesidades específicas de apoio educativo.

Entendemos conceptos de seguridade viaria e protección . A atención, a memoria visual e a comprensión verbal. Aprendemos a identificar zonas seguras para os peóns.

Dislexia: Pode presentar dificultade para recuperar contidos da memoria de traballo e para discriminar visualmente. Débese favorecer a súa aprendizaxe utilizando métodos baseados nas facultades auditivas e visuais.

Daltonismo: Presenta dificultade para distinguir entre as cores vermella e verde . Hai que axudalo a identificar sinais de tráfico pola súa forma e significado.

TDHA: Poden distraerse da tarefa ou perder interese. O educador pode animalo cun eloxio positivo. Os métodos con apoio visual favorecen a atención e aprendizaxe nestes alumnos.

Autismo: Pode mostrar desinterese .Manipule os materiais fronte ao alumno chamando a súa atención. Felicíteo cada vez que mire ou mostre interese .Coloque as láminas nun lugar onde o alumno poida velas facilmente.

Que queremos saber?

- Como se fan e que utilidade teñen as vías públicas e as estradas. Que elementos interveñen na súa construción (maquinaria, deseño de trazado, elementos de seguridade...)
- Os alumnos van aprender a atender a unha explicación fóra da aula, a recopilar información e desenvolverse nun ámbito distinto ao da escola. Os alumnos coas medidas de seguridade axeitadas, comprobarán in situ como se traballa e que elementos interveñen.

Que cousas poderíamos facer?

- Farán unha visita guiada en grupo ás obras de construción ou mantemento dunha infraestrutura viaria. Logo explicaranvos á clase e a ti os elementos que interveñen nunha obra, e como se fai para, deste xeito, poder entender as dificultades que implican a construción das obras públicas e os beneficios que teñen para eles e os demais cidadáns.
- Coa túa axuda, e a información recibida, van facer un pequeno traballo no que identifiquen o que viron.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Ao cruzar, o obxectivo é chegar ao outro lado sen despistarse con outra cousa. Cruzar a estrada sen entreterse e na distancia máis curta posible. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar. Antes de cruzar, sempre hai que mirar varias veces á esquerda e á dereita. O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable.
Obxectivos Unidade	Como se fan as estradas e as vías públicas.
Contidos	Como se fan e con que criterios as vías públicas e as estradas. Que elementos interveñen na súa construción (maquinaria, deseño de trazado, elementos de seguridade...)
Metodoloxía	Visita guiada en grupo ás obras de construción ou mantemento dunha infraestrutura viaria.
Criterios de Avaliación	Facer un pequeno traballo coa información recibida.
Estándares de aprendizaxe	Obter información puntual e describir os elementos que interveñen nunha obra.

Que sabemos?

Os alumnos están afeitos a ver obras e traballos na vía pública, pero... ata que punto coñecen a súa importancia? Poderías invitar á clase un técnico ou enxeñeiro de infraestruturas para que lles fale do seu labor e logo ofrecer una rolda de cuestións e opinións cos rapaces.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Aprender a aprender (CAA). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

TEMPORALIZACIÓN

Final Segundo Trimestre. Esta unidade final de Bloque pode ser traballada de maneira individual e illada, pero está deseñada como unha proba final de conxunto de todas as tarefas e actividades propostas ao longo do bloque.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoitar. Compartir. Respecto Responsabilidade. Cidadanía democrática. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

Completar os debuxos. Os alumnos deberán completar uns debuxos unindo as liñas de puntos.

MATERIAIS

Caderno de clase.

PROPOSTA DE AVALIACIÓN

Propoñémosche un modelo de **Rúbrica** para a realización da avaliación das tarefas propostas na totalidade do Bloque ou as que ti desenvolveses.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Aprendemos os elementos fundamentais das vías e a recoñecer e percibir correctamente os sinais da seguridade viaria. Potenciamos a memoria auditiva, visual e a memoria de traballo, así como a grafomotricidade.

Dislexia: Pode presentar dificultade para recuperar contidos da memoria de traballo e para discriminar visualmente. Reforzárase a memoria con preguntas curtas sobre os conceptos explicados.

Daltonismo: Presenta dificultade para distinguir entre as cores vermella e verde. Hai que axudalo a identificar sinais de tráfico pola súa forma e significado.

TDHA: Debemos favorecer a súa atención con eloxios e apoio visual dos conceptos explicados.

Autismo: O apoio de material visual favorece a súa atención. Formule preguntas ao alumno utilizando que, quen, onde.

Que queremos saber?

- Que é necesario facerme sempre visible nos desprazamentos como peón e levar sempre roupa ben visible ou portar un elemento reflector.
- Ténseme que ver ben ao camiñar por unha vía non urbana.
- A observar o comportamento dos corpos (roupa ou obxectos reflectores) diante da luz.

Que cousas poderíamos facer?

- Organizar os nenos para que, por grupos, leven á clase roupa clara e escura e calzado ou roupa con elementos reflectores. Nunha aula, pecharemos todas as persianas, apagaremos a luz e deixaremos a estancia na maior escuridade posible. A continuación, acenderemos unha luz led (lanterna ou foco luminoso) e comprobaremos como se reflecte esta na roupa dos que levan materiais reflectores e como non ocorre o mesmo na dos que non os levan.
- Tamén comprobaremos como se perciben mellor na distancia as roupas claras ca as escuras.
- Entregarlle aos alumnos o seu corazón luminoso para facérense ver, para camiñar seguros e poñelo nas súas mochilas ou na bicicleta.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Promover a visibilidade dos peóns nos seus desprazamentos na estrada. O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar. Cruzar a estrada sen entreterse e na distancia máis curta posible. Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil.
Obxectivos Unidade	Amosar a necesidade de facerse sempre visible e, nos desprazamentos como peóns, levar sempre roupa ben visible ou portar un elemento reflector.
Contidos	A visibilidade ao camiñar por unha vía non urbana. O comportamento dos corpos (roupa ou obxectos reflectores) diante da luz.
Metodoloxía	Traballo na aula con luces leds e roupa reflectora. Os nenos/as poden vestir roupa clara ou escura par a comprobar a diferenza na visibilidade á distancia.
Criterios de Avaliación	Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e a visibilidade.
Estándares de aprendizaxe	Entender o comportamento de certos corpos diante da luz. Comprobar como o reflexo permite ver obxectos que non emiten luz. Comprender as propiedades das cores claras e escuras e a visibilidade nas persoas e vehículos.

Que sabemos?

Lembrar que os protagonistas da aprendizaxe son os nenos e nenas e, antes de traballar, debemos coñecer o que pensan e o porqué das cores. Ata que punto coñecen que os vehículos levan luces reflectoras e tratar o seu significado: a cor branca indica a fronte do vehículo, a cor vermella indica a parte traseira do vehículo e o amarelo indica os costados. De tal modo, que aprendan a codificar a importancia de facerse ver, das luces e reflectores que levan e que, grazas a estes elementos, a persoa que os observa pode saber con seguridade cara a onde van.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias da natureza, ciencias sociais, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

TEMPORALIZACIÓN

Terceiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoitar. Ser ordenados. Ser pacientes. Escoller entre diferentes solucións. Responsabilidade. Constancia. Moderación. Compromiso social. Respeito. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

O alumno/a debe encontrar catro diferenzas en dous debuxos que se lle propoñen.

MATERIAIS

Roupa ou calzado con luces reflectoras.
Luz led , lanterna ou foco de luz.
O noso corazón luminoso.
Rotulador fosforescente.

AUTOAVLIAÇÃO

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado
con necesidades específicas de apoio educativo.

Valoramos a importancia da visibilidade como peóns. Coñecemos elementos de seguridade. Traballamos a percepción visual e a atención.

Autismo: Favorecemos o seu desenvolvemento en habilidades de autonomía e de resolución de problemas, permitimos que manipule e se familiarice cos materiais reflectores.

Dislexia: A análise de dous debuxos aparentemente iguais esixe do alumno a capacidade de atención e un método na súa análise e observación. Eloxiamos o seu traballo.

TDAH: A experimentación con materiais en contextos novidosos potencia a atención sostida necesaria para unha aprendizaxe significativa.

Daltonismo: Se presenta dificultades en canto a distinguir as cores o educador guiarao na actividade

Que queremos saber?

A atravesar unha estrada na distancia máis curta entre o meu lado e a outra beira en liña recta. Os nenos van resolver problemas de xeometría sinxelos relacionados coa vida cotiá. A usar instrumentos de medición ou outros métodos non convencionais.

Que cousas poderíamos facer?

Os alumnos comprobarán que a distancia máis curta entre dous puntos é a liña recta. Farán, coa nosa axuda, unha actividade na que empregarán unha corda no patio para estirla ou encollela e así poder apreciar as diferenzas na distancia entre dous puntos. Aprenderán a traballar con magnitudes e medidas mediante unidades de medida (pés, pasos, metros...).

Que aprendemos?

<i>Obxectivos específicos</i>	Antes de cruzar, sempre hai que mirar varias veces á esquerda e á dereita. Poñer atención ao paso de peóns: é obrigatorio cruzar por el e hai que mirar antes de cruzar. Ao cruzar, o obxectivo é chegar ao outro lado sen despistarse con outra cousa. Amosar a importancia de pensar na propia seguridade advertindo da falsa sensación que poden dar algúns elementos de sinalización. Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil.
<i>Obxectivos Unidade</i>	Que entendan que, para cruzar unha estrada, a distancia máis curta entre dous puntos é a liña recta.
<i>Contidos</i>	Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais.
<i>Metodoloxía</i>	Traballar con representacións xeométricas en Ed. Plástica ou Matemáticas.
<i>Criterios de Avaliación</i>	Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.
<i>Estándares de aprendizaxe</i>	Coñecer e usar as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) . Realizar medicións co palmo, o paso e o pé.

Que sabemos?

Sería de grande axuda, antes de comezar, coñecer a través de sinxelas preguntas se os nenos e nenas posúen unha correcta ou incorrecta apreciación das distancias, a velocidade, modificación da percepción e valoración do risco, etc. Que grao de autoconecemento teñen do risco, a seguridade, e se senten optimismo e confianza en si mesmos, o que, nalgúns casos, pode levarlos a sobrevalorar as súas propias capacidades.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Conciencia e expresións culturais (CCEC).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

TEMPORALIZACIÓN

Terceiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha ou varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoitar. Ser pacientes. Responsabilidade. Elixir entre diferentes solucións. Moderación. Respeto. Resolución pacífica de conflitos. Coñecemento dos dereitos e deberes.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

O alumno/a debe cortar un papel da medida marcada nun debuxo. A continuación, poñer o papel sobre os pés de latexo e dicir cal é o camino máis curto

MATERIAIS

Caderno de clase do alumno/a.
Unha regra. Tesoiras.
Unha corda.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Aplicamos conceptos de xeometría e de cálculo a situacións de seguridade viaria. Traballamos as distancias na prevención de riscos, a orientación espacial e a memoria visual. Potenciamos a motricidade fina.

Autismo: Para favorecer a comprensión dos contidos, a situación de aprendizaxe ten que estar altamente estruturada para que o alumno poida comprender e predicir o que vai a ocorrer. O educador guiarao en cada secuencia, permitindo que manipule e se familiarice cos materiais da unidade.

Dislexia: Para potenciar a memoria de traballo pódese utilizar a técnica da repetición intensiva para reforzar a nova información que recibe o alumno.

TDAH: Dar instrucións claras do que ten que facer, e como o debe realizar, favorece un resultado positivo da actividade. Eloxírase o seu esforzo e implicación

"Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural"

Que queremos saber?

- Que moverse e practicar unha actividade física son bos para a saúde dos nenos e nenas. Sempre deben prestar atención e fixarse no percorrido para evitar camiñar dando voltas sen rumbo. Van traballar o sentido da dirección. A importancia da actividade física. Cando xogan ou fan deporte comparten cos demais. Van descubrir e practicar algúns xogos tradicionais de Galicia.
- Ser conscientes de que non é igual camiñar en curva ca en liña recta.

Que cousas poderíamos facer?

- Animar os alumnos á participación nas actividades lúdico-educativas da escola. Organizar xogos tradicionais de Galicia e celebrar o Día do Peón como algo que os atinxe.
- Practicar xogos tradicionais. Van xogar ao trompo e verán o movemento circular do seu xiro en relacion cos movementos do tráfico. Facerlles ver aos alumnos que algúns obxectos cambian de sentido ou xiran, como un vehículo que cando camiña pola estrada non sempre marcha en liña recta, ou eles mesmos ao camiñar.
- Poñerlles como exemplo o movemento circular nas curvas e nas rotondas.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Ao cruzar, o obxectivo é chegar ao outro lado sen despistarse con outra cousa. Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil. Proporcionar espazos seguros de mobilidade para peóns. Amosar a importancia de pensar na propia seguridade advertindo da falsa sensación que poden dar algúns elementos de sinalización.
Obxectivos Unidade	A actividade física e a mobilidade como elementos saudables. Evitar camiñar dando voltas sen rumbo. O sentido da dirección.
Contidos	O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia. A curva e a liña recta.
Metodoloxía	Organizar actividades relacionadas con xogos populares galegos, e o Día do Peón. Observar o movemento circular dun trompo ao xirar e aplicalo para ver como xiran os coches nas rotondas ou como cruzar una praza.
Criterios de Avaliación	Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.
Estándares de aprendizaxe	Iniciarse no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. Utilizar as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas

Que sabemos?

Antes de iniciar a actividade, explicarlle aos alumnos os xogos tradicionais como forma de transmisión de xeración en xeración e de cultura. O xogo é unha actividade fundamental no desenvolvemento do neno, pódese utilizar para adquirir e asimilar novas aprendizaxes relacionadas coa súa seguridade e na súa futura adaptación á sociedade. O xogo como forma de explorar e controlar o contorno, de tal forma que aprendan a través do xogo, por medio da observación e a imitación, normas sociais que lles serán posteriormente de grande utilidade na súa vida adulta.

IDEA FORZADA UNIDADE**INTERDISCIPLINARIEDADE**

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias sociais, lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación física e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

TEMPORALIZACIÓN

Terceiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha ou varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Compromiso social. Poñerse no lugar do outro. Escoller entre diferentes solucións. Ser pacientes. Responsabilidade. Respecto. Coñecemento dos dereitos e deberes. Compartir. Constancia. Tolerancia.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

Aprende a mirar o reloxo e o seu movemento. Pensa en como se moven as agullas do reloxo. O alumno vai recortar as agullas da páxina 49 e pór no reloxo as días menos dez.

MATERIAIS

Un trompo.
Esquema dunha rotonda para que observen por onde entran e saen os coches e como a deben cruzar os peóns.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado
con necesidades específicas de apoio educativo.

Potenciamos condutas responsables e autónomas no coidado dos espazos comúns

Dislexia: Traballaremos a memoria de traballo repasando conceptos de unidades anteriores . Reforzarase a memoria con preguntas curtas sobre os conceptos explicados.

Daltonismo: Presenta dificultade para distinguir entre as cores vermella e verde . Recordamos a estratexia de marcar as cores.

TDAH: A súa impulsividade pode levalo a realizar a actividade moi rápido sen pór atención na limpeza e a presentación. O educador apoiará a tarefa ben feita con eloxios positivos da elaboración correcta.

Autismo: O educador modelará os comportamentos que desexa que aprenda, usará apoio visual .Formule preguntas ao alumno utilizando que, quen, onde

Que queremos saber?

- Os nenos van aprender como se debe camiñar polas beiravías e que se debe ir sempre da man.
- Lembrarlle aos seus pais ou acompañantes a necesidade de camiñar pola beirarrúa colléndoo sempre da man, e que eles non deben soltarse sen máis. Pola estrada, na medida do posible, deberán camiñar pola esquerda e eles, os máis cativos, do lado máis afastado da vía. Nós, os adultos, somos en gran medida responsables có noso exemplo das súas condutas.

Que cousas poderíamos facer?

- Amosarlle aos alumnos fotografías reais para coñecer, con exemplos, condutas de peóns en situación de risco ou imprudencia e tamén de condutas responsables e axeitadas, para que despois poidan imitalas ou evitalas en situacións reais.
- Inculcarlles a idea de que cando saian á vía deben observar e imitar as formas correctas e aprender das condutas e comportamentos doutros peóns.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Promover a visibilidade dos peóns nos seus desprazamentos na estrada. Sen senda peonil, hai que andar pola marxe esquerda da vía. O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable. Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil. Protexer os usuarios máis vulnerables.
Obxectivos Unidade	Lembrar aos pais/nais a necesidade de camiñar pola beirarrúa collendo da man sempre os rapaces. Pola estrada, sempre pola esquerda e os nenos/as do lado máis afastado da vía.
Contidos	Como se debe camiñar con nenos polas beiravías cando se leva a un neno/a da man. Cohesión. Desenvolvemento físico e psicomotriz.
Metodoloxía	Amosar unha imaxe aos nenos/as cunha conduta perigosa dun peón. Amosar imaxes de condutas acertadas e traballar con elas. Xogar a saltar unha corda por parellas xuntos da man. Perseguirse agarrados da man ou dun pé a outros comañeiros.
Criterios de Avaliación	Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debe recoñecer un peón para unha circulación óptima pola rúa.
Estándares de aprendizaxe	Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debe recoñecer un peón para unha circulación óptima pola rúa.

Que sabemos?

Coa axuda do Departamento de Orientación, podes realizar un pequeno test para detectar e compartir información con outros feitos polos pais e titores dous alumnos para coñecer elementos como o grao de integración dos alumnos, pois precisan sentirse queridos polos seus semellantes; por iso, tentan parecerse uns aos outros imitándose na forma de falar, de actuar, etc., pero, en ocasións, este desexo de aceptación pode levalos a imitar modelos erróneos, deixándose influenciar por condutas pouco axeitadas. Os nenos necesitan que os pais, profesores... lles poñan límites para que eles poidan crecer respectando as outras persoas, senón, non saberán distinguir claramente o que deben e o que non deben facer, así como o que está ben e mal. A autoestima é a percepción que teñen de eles mesmos e como afecta os seus comportarnos fronte aos demais e á hora de afrontar as dificultades. Ou outros aspectos que che poden ser útiles.

IDEA FORZADA UNIDADE



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: ciencias sociais, educación física, educación artística e valores sociais e cívicos.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC). Aprender a aprender (CAA). Competencia dixital (CD).

TEMPORALIZACIÓN

Terceiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoller entre diferentes solucións. escoitar. Responsabilidade. Moderación. Respecto. Compartir. Empatía. Igualdade. Coñecemento dos dereitos e deberes. Compromiso social. Cidadanía democrática.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

O alumno/a vai escoller cal é o acompañante con quen se sente máis seguro cando camiña. Vai pegar a foto da persoa ou do heroe que elixiu nunha silueta.

MATERIAIS

Fotografías e imaxes de situacións reais de risco e comportamentos seguros na vía.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado
con necesidades específicas de apoio educativo.

Adoptamos condutas, actitudes e hábitos adecuados en situacións de tránsito. Potenciamos a seguridade peonil.

Dislexia: Favorecemos a aprendizaxe de contidos con apoio multisensorial. Reforzárase a memoria con preguntas curtas sobre os conceptos explicados: esquerda-dereita, esquema corporal.

Daltonismo: presenta dificultade para distinguir entre as cores vermella e verde. Hai que axudalo a identificar sinais de tráfico pola súa forma e significado.

TDAH: Conectamos a nova aprendizaxe coas súas experiencias previas de camiñar polas beirarrúas, a través de preguntas de reflexión.

Autismo: O apoio de material visual favorece a súa atención. O educador modelará as situacións correctas diante do alumno. Acompañarao na actividade.

Que queremos saber?

- A ter conciencia sobre o uso de materiais reutilizables e reciclables. Que temos que levar o noso xantar en envases que se poidan reutilizar durante moitos días.
- A utilizar as papeleiras da clase mellor ca as que hai no patio. No patio, aprenderemos a identificar e empregar un caldeiro ou papeleira de reciclar e tirar alí o meu lixo.
- De camiño á escola empregaremos as papeleiras e non tiraremos lixo ao chan.
- Coñeceremos o que son os materiais reutilizables e reciclables.
- Que teño que levar o meu xantar en envases que se poidan reutilizar durante moitos días.

Que cousas poderíamos facer?

- Os rapaces, coa axuda do mestre, participarán ou colaborarán na creación na aula dunha campaña de concienciación sobre a limpeza ou reciclaxe de lixo.
- A deixar limpos e recollidos os seus pupitres e facer servizos de limpeza por quendas dos espazos comúns. A ter coidado cos envases de cartón e outros. A usar a papeleira máis próxima ou colector que haxa para este tipo de envases. Concienciar de que é tarefa de todos manter limpo o colexio.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Identificar as sendas e os sinais peonís. Con senda peonil hai que andar polas zonas habilitadas para peóns. Sen senda peonil hai que andar pola marxe esquerda da vía. Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil. Proporcionar espazos seguros de mobilidade para peóns. O desprazamento a pé é unha forma de mobilidade económica e saudable.
Obxectivos Unidade	Concienciar sobre o uso de materiais reutilizables e reciclables. Levar o xantar en envases que se poidan reutilizar durante moitos días. Utilizar as papeleiras de clase mellor ca as que hai no patio. No patio, empregar un caldeiro ou papeleira de reciclar e tira alí os restos. Ter coidado cos envases de cartón, e outros. Usar a papeleira máis próxima ou colector que haxa para este tipo de envases.
Contidos	É tarefa de todos manter limpo o Colexio. De camiño á escola, usar as papeleiras e non tirar lixo ao chan.
Metodoloxía	Participar ou crear na aula unha campaña de concienciación sobre a limpeza ou reciclaxe de lixo. Realizar servizos de limpeza, por quendas dos espazos comúns.
Criterios de Avaliación	Non tirar desperdicios nin calquera outro obxecto nos xardíns, campos de xogo, lavabos, clases, corredores, etc. Usar as papeleiras, particularmente as dos patios e campos de xogo. Manter limpo o camiño á escola e axudar na súa limpeza.
Estándares de aprendizaxe	Recoñecer a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.

Que sabemos?

Podemos lanzarlles aos nosos alumnos ideas ou mensaxes sobre as distintas formas de contaminación, como o problema do ruído que incide na calidade de vida e na saúde. Como o aumento do parque automobilístico provoca contaminación acústica e paisaxística. Falarlles das solucións, como os estudos de impacto ambiental nas obras públicas ou as políticas de reciclaxe dos pneumáticos ou o aceite dos automóviles.

IDEA FORZADA UNIDADE



Manteño limpo
o camiño á escola
e axudo na súa
limpeza.

INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: lingua e literatura e valores sociais e cívicos.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Aprender a aprender (CAA).

TEMPORALIZACIÓN

Terceiro Trimestre. Esta unidade ofrece a posibilidade ao profesor de desenvolver varias tarefas. Pódese escoller unha o varias das propostas ou ben traballar cada unha das actividades do caderno do alumno. Non están pensadas para un número de sesións concretas, iso queda ao teu criterio.

EDUCACIÓN EN VALORES

Escoller entre diferentes solucións. escoitar. Responsabilidade. Moderación. Respetto.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

Colorea no caderno os debuxos de obxectos do lixo coa cor do contedor que lle corresponde.

MATERIAIS

Guantes de plástico.
Cores amarela, verde e azul.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Aprendemos hábitos de responsabilidade, e a importancia da reciclaxe.

Daltonismo: Pode presentar dificultade para distinguir entre as cores vermella e verde. Hai que axudalo a identificar os contedores de reciclaxe. O educador pode guialo á hora de debuxar e escoller e marcar as cores co seu nome (verde, amarelo...)

TDAH: Reforzarase a asimilación dos novos contidos con apoio visual. Eloxíarase o esforzo e atención na tarefa.

Autismo: O educador actuará de modelo na realización da actividade. A aprendizaxe por imitación é moi importante.



"Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural"

Que queremos saber?

- A importancia do coidado da natureza e da propia saúde. A manter limpo o colexio e o seu contorno. O coidado do medio, a hixiene e a limpeza persoal.
- A aproveitar as cousas que ofrece a natureza e as que fabrica o home e entender que hai recursos que se esgotan. Amosar a importancia do aforro da auga e o seu emprego nos espazos comúns (aseos, comedor...).

Que cousas poderíamos facer?

- Un día sinalado no calendario escolar, como o Día da Terra, faremos unha saída no seu contorno.
- Se hai un río, faremos un percorrido pola súa beira para ver a calidade das augas, e se hai lixo ver como afecta o medio e os animais que viven nel. Lembraremos o que aprendemos sobre limpeza e reciclaxe na escola e recolleremos o lixo e levarémolo ao colexio para depositalo nos colectores axeitados. Organizaremos e participaremos nun obradoiro para amosar as posibilidades da reciclaxe de materiais; tamén podemos facer unha campaña de recollida de tapóns con fins solidarios ou algo similar.

Que aprendemos?

Obxectivos específicos	Pensar que o peón sempre é o elemento máis fráxil. Protexer os usuarios máis vulnerables. Proporcionar espazos seguros de mobilidade para peóns. Amosar a importancia de pensar na propia seguridade, advertindo da falsa sensación que poden dar algúns elementos de sinalización.
Obxectivos Unidade	Promoción de estilos de vida saudables e o coidado da natureza. Como aproveitamos as cousas que ofrece a natureza e as que fabrica o home.
Contidos	Valorar a hixiene, a saúde e a protección do medio ambiente. A contaminación e a degradación do medio ambiente. O uso e o consumo responsable dos bens.
Metodoloxía	Aproveitando a celebración dun día sinalado no calendario escolar, como o Día da Terra, facer unha saída para realizar tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. A través da organización dun obradoiro amosar a posibilidade da reciclaxe de materiais como o papel.
Criterios de Avaliación	Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.
Estándares de aprendizaxe	Reducir, reutilizar e reciclar obxectos na escola. Identificar e adoptar medidas de uso responsable da auga na escola.

Que sabemos?

Aproveitando a conmemoración dalgunha data sinalada, como o 22 de Abril, Día Mundial da Terra, ou o día 17 de maio, Día Mundial da Reciclaxe, é necesario explicar paso a paso aos nenos por que temos que reciclar, e unha boa maneira pode ser comezar medindo a nosa pegada ecolóxica. Primeiro, mediante sinxelas enquisas nas que respondan a unhas preguntas sobre o seu estilo de vida e, a continuación, facer unha análise do impacto ambiental que producen, onde se destacan que puntos poden modificar e de que forma. Neste proxecto final trabállase para promover a mobilidade sustentable e o uso seguro das sendas peonís.

IDEA FORZADA UNIDADE**INTERDISCIPLINARIEDADE**

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: lingua e literatura, valores sociais e cívicos, educación Física e ciencias sociais.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

TEMPORALIZACIÓN

Final Terceiro Trimestre. Esta unidade final de Bloque pode ser traballada de maneira individual e illada, pero está deseñada como unha proba final de conxunto de todas as tarefas e actividades propostas ao longo do bloque.

EDUCACIÓN EN VALORES

Competencias sociais e cívicas (CSC). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno.

Actividade

Imos ao parque?. Imaxínate de camiño ao parque. Debuxa nas viñetas o percorrido que fas. Os alumnos deben inventar unha historia e debuxar as escenas nunha banda deseñada a modo de celuloide dun film.

MATERIAIS

Guantes de plástico

PROPOSTA DE AVALIACIÓN

Propoñémosche un modelo de **Rúbrica** para a realización da avaliación das tarefas propostas na totalidade do Bloque ou as que ti desenvolveses.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Desenvolvemos actitudes de coidado do medio ambiente .Aprendemos a gozar a natureza dun xeito seguro e responsable.

Dislexia: Poden presentar dificultades á hora de escribir ideas e de organizalas, hai que guialos e potenciar a súa creatividade.

TDAH: Adoitan aprender moi ben a través de estímulos visuais e en contacto coa natureza. Reforzaremos as actitudes de autorregulación traballadas nas unidades anteriores. Valoramos o seu esforzo con eloxios positivos.

Autismo: Teñen dificultades para compartir intereses ou xogos con outros nenos. O educador apoiará o alumno dando instrucións e guiarao nas actividades de interacción social. É moi importante promover experiencias de aprendizaxe significativa.

Que queremos saber?

- Imos introducir aos alumnos no emprego daqueles materiais das tecnoloxías da información e a comunicación que os axuden a comprender o que ven, o que leen e o que oen para axudalos a expresarse mellor de forma oral e escrita e entender a comunicación audiovisual.
- A utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para facer na medida das súas posibilidades un produto artístico final.

Que cousas poderíamos facer?

- Realización dun proxecto ou traballo (composición musical, dramatización ou teatro, curtametraxe ou audiovisual, banda deseñada, redacción...), relacionado coa seguridade viaria en que se desenvolvan os contidos traballados no Bloque. Este proxecto pódese presentar a concurso tanto a nivel interno do centro coma aos propostos por entidades públicas e privadas en relación á seguridade viaria. Busca por internet o concurso máis axeitado. Para facelo mediante unha tarefa multidisciplinar implicaremos outros departamentos na súa elaboración.

Que aprendemos?

Obxectivos	Realización dun proxecto audiovisual, musical ou traballo a nivel individual ou en grupo relacionado coa seguridade viaria no que se desenvolvan os contidos traballados no Bloque e que os alumnos poden presentar a concurso tanto a nivel interno do centro coma aos propostos por entidades públicas e privadas en relación á seguridade viaria.
Contidos	Tratamento interdisciplinar da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación.
Metodoloxía	Composición musical. Dramatización ou teatro, curtametraxe ou audiovisual. Banda deseñada, redacción.
Criterios de Avaliación	Elaborar os traballos individualmente ou en grupo. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.
Estándares de aprendizaxe	Amosar interese polo traballo individual e colaborar no grupo para a consecución dun fin colectivo. Manexar material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.

Que sabemos?

Estimulemos o talento creativo dos nosos alumnos. Ao longo de todo o libro ofrecémoslles aos alumnos gran cantidade de materiais en todo tipo de soportes e formatos (impresos, audiovisuais, informáticos...) sería interesante coñecer as achegas, ideas e creacións dos nosos alumnos, para o que debemos motivar e impulsar o seu espírito creativo e coñecer a súa percepción e as súas opinións sobre os comportamentos de, entre outros, os adultos, as súas queixas, recomendacións... Podemos motivalos a participar en obradoiros de pintura, de construcións, fotografía, contos, videocreacións, etc... para logo a súa exposición e concurso relacionado coa seguridade viaria.

IDEA FORZADO PROXECTO



INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade propóñense contidos que poden ser traballados dende as áreas de: lingua e literatura, ciencias sociais, ciencias da natureza, matemáticas, valores sociais e cívicos e educación artística.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC).
Comunicación lingüística (CCL). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC)

TEMPORALIZACIÓN

O PROXECTO FINAL. Esta unidade final pode ser traballada de maneira individual e illada, pero está deseñada como unha proba final de conxunto de todas as tarefas e actividades propostas ao longo de todo o caderno. A actividade final é unha actividade na que os alumnos aplicarán os coñecementos adquiridos ao longo do conxunto das tarefas realizadas ou nunha soa, e sempre de forma participativa. Pode ser considerada como unha proba global.

EDUCACIÓN EN VALORES

Ser pacientes. escoitar. Ser ordenados. Cooperar. Poñerse no lugar do outro. Escoller entre diferentes solucións. Empatía. Responsabilidade. Constancia. Igualdade. Moderación. Emocións básicas. Respeto. Coñecemento dos Dereitos e Deberes. Liberdade. Cidadanía democrática. Compromiso social.

ACTIVIDADES

Esta unidade ademais das tarefas propostas presenta unha única actividade a desenvolver no Caderno do alumno. Asemade, a idea é a de participar a nivel individual ou colectivo na elaboración dun proxecto final interdisciplinar que englobe o traballo de todo o curso e presentalo a un concurso relacionado coa educación viaria.

Actividade

Nesta actividade poden recoller nun texto, redacción ou conto unha das experiencias vividas en relación á educación viaria das traballadas ao longo do libro. Tamén poden traballar conceptos de seguridade viaria facendo unha Sopa de letras.

MATERIAIS

Instrumentos musicais, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico.
Material diverso para elaborar producións plásticas.

AUTOAVALIACIÓN

O alumno pódete axudar na avaliación das tarefas e actividades amosando o seu grao de satisfacción pegando corazóns adhesivos.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Aprendemos a empregar distintos medios técnicos para elaborar proxectos creativos. Potenciamos a expresión oral e artística.

Dislexia: Poden ter dificultades para seguir instrucións e secuencias complexas de tarefas. O educador explicará cada paso con claridade. Son alumnos con moita imaxinación e creatividade, polo que esta tarefa pode ser moi útil para reforzar a súa autoestima.

TDAH: É importante dar instrucións claras e secuenciar os pasos para evitar a perda de motivación. Lembre que a motivación é un factor determinante para estes alumnos.

Autismo: O apoio de material visual favorece a súa atención. O educador pode amosar exemplos de proxectos ou dar ideas e guialo no proceso.

Atención: Como actividade final que engloba o traballado en todas as unidades é importante prestar atención aos «signos neurolóxicos suaves ou menores» detectados xa que poden ser indicativos de trastornos de aprendizaxe, da atención ou da conduta, e traballalo en coordinación con outros Departamentos (Orientación, Dirección ...) e as familias.

Glosario

automóbil: Vehículo que se despraza por si mesmo, grazas á propulsión dun motor incorporado.

beirarrúa: Franxa lonxitudinal ao longo dunha estrada, elevada para que poidan circular os peóns.

beiravía: Franxa lonxitudinal pavimentada contigua á calzada, non destinada ao uso de automóviles máis ca en excepcións.

camiño seguro: Que non comporta riscos ou perigos.

carril: Franxa lonxitudinal na que pode dividirse una estrada, con largo suficiente para o tránsito dunha fila de vehículos.

cinto (de seguridade): Arnés que suxeita o viaxeiro ao asento do vehículo para que non bata en caso de accidente.

chaleco: Peza de vestir sen mangas para pór por riba da camisa, que vai dos ombros á cintura ou á cadeira e se abotoa por diante.

encrucillada: Lugar onde se cruzan dúas ou máis vías.

escola: Establecemento onde se imparte algún tipo de ensinanzas; centro de ensino.

esquerda: Lado polo que os peóns deben circular preferentemente por unha estrada.

estrada: Vía destinada á circulación de vehículos automóbiles.

obstáculo: O que impide pasar ou se opón á realización de algo.



latexo: Movemento do corazón. Nome do personaxe que nos guía no noso percorrido.

peón: Persoa que vai a pé por unha vía pública.

policía: Persoa á orde das autoridades políticas que se encarga do mantemento da orde pública, a seguridade dos cidadáns e o cumprimento das leis.

prohibir: (verbo) Negar a liberdade ou o permiso para realizar algo.

saudable: Que é bo para a saúde.


senda peonil: Camiño ao longo ou non dunha estrada, deseñado principalmente para o tránsito de peóns.

sinal: Cousa que é utilizada para indicar algo ou que por si soa indica algo.

visible: Que pode ser visto, que é perceptible pola vista.



"O corazón está do teu lado"




automóbil
beirarrúa
beiravía
camiño
carril
cinto
chaleco
escola
esquerda
estrada
obstáculo
peón
policía
prohibir
saudable
senda
peonil
sinal
visible*

***nota do autor:**

A palabra "visible" non é visible no encrucillado. ;)





*Agora xa estás
listo para novos retos.
Anímate!*



*Primeiro pensar
e despois facer.*



XUNTA
DE GALICIA

Agasalle
contenidos